



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de xuño de 2025

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de xuño de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(415).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 6 de xuño de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(416).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONÍA EN VARIAS RÚAS DE VIGO NO ÁMBITO DA PROGRAMACIÓN DE NADAL 2025-2026. EXPTE. 7819/106.

Visto o informe xurídico do 02/06/2025 e o informe de fiscalización do 05/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/05/2025, asinado polo técnico

medio en topografía e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (7819-106).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SONIDO COLLAZO, S.L. (B-36.932.689) o procedemento aberto para contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106) por un prezo total de 156.580,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.175,05 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Conforme a cláusula 4 do contrato e cláusula 4.C das FEC:

“O prazo do contrato é de tres anos. Data prevista do inicio do contrato 1 de novembro de 2021”.

PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

Segundo.- En data 30/11/2021 asinouse o contrato administrativo entre o Concello e a empresa SONIDO COLLAZO SL. O prazo do contrato é de tres anos. Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha. Correspondéndolle á segunda prórroga do contrato ao período comprendido entre 01/12/2025 e o 30/11/2026.

Terceiro.- A tal fin, con data 26/01/2025 notificóuselle por parte do servizo xestor á empresa SONIDO COLLAZO SL., o interese na prórroga do contrato, polo que consta no expe-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

diente a aceptación do contratista á prorroga do contrato de data 05 de febreiro de 2025 presentada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 250025074).

Cuarto.- A prestación do servizo durante o prazo de vixencia do contrato viuse desenvolvendo de forma correcta e satisfactoria para os intereses municipais.

Quinto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- Así mesmo, establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación:

Partida: 4310 2279901 "Programa de decoración y animación Nadal".

Sétimo.- Conforme ao contrato asinado o 30 de novembro de 2021, a oferta presentada pola empresa SONIDO COLLAZO SL. para o contrato de servizos para a prestación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal é de 52.193,35 euros (IVE engadido), correspondéndolle ao ano 2025 a cantidade de 38.826,75 euros e ao ano 2026 a cantidade de 13.366,60 euros.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto, e sendo conforme ao contrato á prestación de servizos que se ven desenvolvendo, e ante a necesidade de continuar con esta, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**

"PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prorroga anual do contrato de servizos para a prestación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal, na Campaña de Nadal 2025-2026, con efectos a partir do día 01/12/2025 ata o 30/11/2026, adxudicado a empresa **SONIDO COLLAZO SL.** CIF ***9326>> coas seguintes condicións:

- Prezo da prorroga anual do contrato polo importe 52.193,35 euros, (IVE engadido)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 52.193,35 € (IVE engadido) con cargo á partida 4310 227 9901 "Programa de decoración y animación Nadal" conforme á seguinte execución das anualidades de gasto:

2025: do 01/12 ao 31/12 = 38.826,75 €

2026: do 01/01 ao 30/11 = 13.366,60 €

TERCEIRO.- *Notificar o presente acordo ao adxudicatario”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(417).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN RECAÍDA NO RECURSO ESPECIAL INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 278314/301.

Sométese a aprobación a proposta de data 10/06/2025, asinada pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 96/2025 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 88/2025, interposto interposto por SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Vigo, expediente 278314-301. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Vigo, expediente 278314-301 dese Concello.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a execución do acordado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(418).- CAMBIO DA RESPONSABLE DO CONTRATO DO SERVIZO DE SOPORTE EN MATERIA DE PROGRAMACIÓN, ASESORAMENTO E



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS E ASISTENCIA A USUARIOS. EXPTE. 9901/113.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/06/2025, asinado pola xefa do servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113) (PPT)

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 2 de febreiro de 2023, aprobou o expediente para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113).

2.- En data 13 de abril de 2023, a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar este procedemento a IMATIA INNOVATION, S.L. coas seguintes condicións:

- a) *“O prezo total do contrato é de 600.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 104.132,22euros.*

b) *Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I-FEC. Do PCAP:*

Prezo unitario perfil / hora	%
Xefe proxecto	20,10%
Analista A	25,10%
Analista B	25,10%
Técnico sistemas/seguridade	25,10%
Programador A	4,10%
Programador B	4,10%
Deseño gráfico Web	4,10%
Operador	25,10%

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse o 23 de maio de 2023 por un prazo de 3 anos contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada. Contémplanse 1 prórroga de 2 anos de duración.

3.- En data 26 de maio de 2025, o xefe do Servizo de Administración Electrónica coa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe:

“[...] Á vista do exposto e sendo necesario contar cun facultativo especialista que desenvolva as funcións preceptivas de supervisión e cumprimento das condicións do contrato, xestión e control de posibles modificacións, e demais funcións referidas na cláusula 2.3 do PCAP, xustificando na reestruturación de tarefas por necesidades do servizo,

SOLICÍTASE

Que polo órgano de contratación se designe ao funcionario municipal Técnico Responsable de Modernización e Innovación, Javier Albertos Benayas, como técnico responsable do contrato de servizo de soporte en materia de asistencia usuarios, programación e asesoramento e desenvolvemento de proxectos”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

-I-

Lexislación aplicable

En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a este cambio. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Do responsable do contrato

O artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público dispón que *“Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela”*.

Neste senso, a cláusula 1.3 do PCAP determina que:

“[...] O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) será fixado no apartado 1.C da FEC ou será nomeado pola Xunta de Goberno local no acordo de aprobación do expediente. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual [...]”

Segundo se recolle no expediente aprobado polo órgano de contratación o responsable do contrato é o xefe do Servizo de Administración Electrónica.

No informe do 26 de maio de 2025 solicítase o cambio do responsable do contrato *“xustificando na reestruturación de tarefas por necesidades do servizo”*.

Dado que a citada cláusula 1 do PCAP prevé que se durante a vixencia do contrato fose necesario cambiar o responsable do contrato, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación, procede o cambio do responsable do contrato, o xefe do Servizo de Administración Electrónica polo técnico responsable de Modernización e Innovación.

Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.

- III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o cambio da responsable do contrato do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113) (expediente 9.901-113) designando ao técnico responsable de Modernización e Innovación.

2º.- Notificar este acordo ao servizo xestor e ao contratista, IMATIA INNOVATION, S.L.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(419).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PARA AUTORIDADES E PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO BASEADO NO ACORDO MARCO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPTE. 46236/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

servizo de Contratación e a xefa da Área de Recursos Humanos, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

Terceiro.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 6 relativo a “**SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE ALTOS CARGOS E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL**”.

O citado lote 6 do acordo marco foi subscrito con a AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA e ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA o 28 de novembro de 2024. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. De acordo co establecido no PCAP e PPT e demais documentación que consta no expediente, este contrato celébrase en tempo e forma.

Cuarto.- Mediante resolución de 4 de abril de 2024 a concelleira da Área de Contratación acordou iniciar o expediente para a adhesión ao Acordo Marco da FEMP para a contratación de servizos de mediación de seguros privados do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos”, nos termos que correspondan consonte á normativa vixente.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de mediación de riscos e seguros para o Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos.

Segundo.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros formalizado pola Central de Contratación da FEMP con data 19 de abril de 2024 de acordo coas seguintes características e distribución por lotes:

Lote 1: Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais.

Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 261.381,70 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prórrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado.

Responsables do contrato: Seguro de responsabilidade civil patrimonial o xefe do servizo de Patrimonio. E para os seguros de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais a xefa da área de Recursos Humanos. [...]



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Sexto.- O 27 de febreiro de 2025 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal acordou iniciar o expediente **para a adhesión ao ao Acordo Marco para a contratación de pólizas de seguros da FEMP, no lote 6, seguro de responsabilidade civil para autoridades e persoal, nos termos que correspondan consonte á normativa vixente.**

Sétimo.- En data 11 de abril de 2025 procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 6 a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Oitavo.- Recibidas tres ofertas dentro do prazo conferido para o efecto (AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA e ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA), procedeuse á súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado de mediación de riscos e seguros, WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración, emitido o 23 de abril de 2025, foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 40. Á vista do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é **AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA.**

Noveno.- Consta no expediente o documento contable de retención de crédito, de data 28 de maio de 2025 (RC nº12025000066996) por importe de 14.579,16 euros así como os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Tesourería municipal) e coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio

orxamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O contrato baseado terá unha duración de 1 ano, contemplándose unha prórroga de 1 ano.

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 28 de maio de 2025.

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros.

O lote 6 relativo ao “**SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE ALTOS CARGOS E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL**” foi adxudicado a AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA e ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA e está en vigor dende o 28 de novembro de 2024. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Enviada invitación ás empresas adxudicatarias, a oferta de AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA foi a que obtivo a maior puntuación (100 puntos), segundo o informe de valoración de data 23 de abril de 2025.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. Neste segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, agás no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.

3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP) e no portal de transparencia.

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco perfecciónanse coa súa adxudicación.

-III-

COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da Asesoría Xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa.

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da Asesoría Xurídica, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar este expediente de contratación do SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PARA AUTORIDADES E PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO, mediante adhesión ao acordo marco de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 6 (SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE ALTOS CARGOS E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL).

Segundo.- Adxudicar a AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA (W0186206I) o contrato do SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PARA AUTORIDADES E PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 6 (PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE ALTOS CARGOS E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL).

Terceiro.- O importe da prima é de 14.579,16 euros, segundo a oferta presentada e de acordo coas condicións nela sinaladas.

Cuarto.- O contrato baseado terá unha duración de 1 ano, contemplándose unha prórroga de 1 ano, e iniciárase ás 00:00 horas do día seguinte a aquel no que se notifique a adxudicación a través da plataforma da FEMP, tendo efectos a póliza.

Quinto.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9201.2260400 do vixente orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	Importe (exento IVE)
2025	14.579,16 €

Sexto.- Noméase responsable do contrato baseado á xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(420).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “VIGO EN INGLÉS 2024-2025”.EXPTE. 98977/332.

Visto o informe de fiscalización do 06/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 16 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (expediente nº 62.810-332)

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 20 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 5.999.550,00 euros, IVE exento.*
- b) A achega de 8 monitores/as de reforzo a maiores dos número mínimo esixido como medios persoais (47).*
- c) A achega das seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:*
 - Incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver a maiores das previstas no punto 4.3.2 do PPT (10 horas).*
 - Redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver respecto da ratio máxima requirida no punto 4.3.2 do PPT (15 alumnos).*
- d) A achega de 40 monitores/as con nivel de competencia lingüística C1 o C2.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 11 de xuño de 2024 e a execución iniciouse ao día seguinte, por un prazo de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 2 de agosto de 2024, aprobou unha modificación deste contrato (expediente nº 7.016-241). A modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 323.500,00 euros (IVE incluído) para a anualidade de 2024, representando un 5,392 % do prezo do contrato.

Esta modificación formalizouse o 9 de agosto de 2024.

Quinto.- O 19 de maio de 2025 o técnico do Servizo de Educación e a xefa do Servizo, coa conformidade da concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato *“coa finalidade de tentar dar resposta á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal “Vigo en Inglés 2025”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en inglés 2024-2025” (62.810-332) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en inglés 2024-2025” (62.810-332) (PPT)

-II-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 1.5 e 35 e no apartado 15 das Follas de especificacións do contrato do Anexo I (FEC) do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido a *“Que a demanda de prazas para o programa supere o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual”* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar o *“Incremento do prezo do contrato se fose necesario incrementar o número total de alumnos/as beneficiarios/as en función da demanda”* (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 20% do orzamento máximo (apartado 15.D da FEC) e como especialidades, a seguinte: *“Para calcular o incremento do prezo do contrato multiplicarse o prezo unitario ofertado polo contratista por alumno polo número de alumnos que se incrementen. Será necesario*

neste caso manter a ratio de monitores ofertada. A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso, incrementando o número de alumnos/as desa edición anual e non nas restantes anualidades”.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de “dar resposta á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal “Vigo en Inglés 2025”.

Informan ao respecto o técnico do Servizo de Educación e a xefa do Servizo, coa conformidade da concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, na data 19 de maio de 2025 o seguinte:

“[...] seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, redáctase o presente informe para a modificación do actual contrato en vigor de “Vigo en Inglés 2025” (expte. 62810-332), que implica un incremento económico do aprox. outro 5,014% sobre o prezo do contrato (2.999.775.-€ X 2 anos contrato = 5.999.550.-€), é dicir de 300.855.-€ e o aumento na oferta da convocatoria de 93 prazas máis (93 x 3.235,00.-€ custo/alumno), todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal “Vigo en Inglés 2025”.

Cómpre indicar que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 07/03/2025 aprobou as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2025” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos” (expte 98737/332). Neste convocatoria estableceuse un prazo de presentación de solicitudes do luns 17 ao luns 31 de marzo, e no mesmo se teñen recibido un total de 1123 solicitudes, que neste intre se están a baremar para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria municipal.

Por outra banda, tamén cómpre subliñar que a partida 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais”, neste intre ten un saldo positivo e suficiente para atender a indicada modificación do contrato. Polo tanto, este gasto podería tramitarse con cargo á devandita aplicación orzamentaria 3260.227.9917.

Este incremento de gastos na partida de Aulas Internacionais é explicitamente para atender á importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa “Vigo en Inglés”, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 93 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2025, na procura de tentar garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria.

O contrato en vigor do programa municipal “Vigo en Inglés 2024-2025” (expte. 62810-332), posibilita concretar una oferta inicial na convocatoria 2025 de 927 prazas, e polo tanto, trasládase a “Newlink Education, S.L”, a posibilidade de tramitar un incremento económico dun 5,014% do contrato vixente en 300.855.-€ para aumentar en 93 o número de prazas que se ofertan, o que implicará chegar a un total máximo de 1.020 prazas dispoñibles na convocatoria do 2025.

*Con este propósito, e á instancia do requirido por parte de este Servizo Municipal de Educación, a empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L”, **achega ao***



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

presente expediente a través do rexistro electrónico municipal en data 16/05/2025 co nº de doc 250113861 proposta técnica revisada para a modificación do contrato, que se corresponde principalmente co incremento económico solicitado polo Concello, e no que manifesta a súa conformidade para atender de forma satisfactoria na edición “Vigo en Inglés 2025” este incremento de 93 beneficiarios/as nas mesmas condicións contractuais respecto do programa orixinal para os 927 alumnos/as beneficiarios/as da edición 2025.

O incremento de 93 prazas máis para a participación de alumnado beneficiario na edición de VIGO EN INGLÉS 2025, segundo a aplicación do custe unitario de 3.235.-€ por alumno ás novas 93 prazas, refírese exclusivamente ao aumento de 927 a 1.020 alumnos beneficiarios/as e se inclúe na páxina 113 da citada proposta técnica revisada.

En base ao exposto estímase necesario modificar o contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística “VIGO EN INGLÉS 2025” (expte. 62810/332), co incremento de 93 prazas no programa que pasarán de 927 a 1020 alumnos beneficiarios/as, o que supón un incremento de gasto de 300.855,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais”, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2025 de 3.300.630,00 euros”.

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- A modificación vén motivada pola necesidade de atender á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal “Vigo en Inglés 2025”.

Estamos, pois, ante un suposto de modificación prevista, comprendida no suposto contemplado no apartado 15C do Anexo I -FEC- do PCAP (“Que a demanda de prazas para o programa supere o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual”). Segundo o informado polo servizo xestor na convocatoria recibíronse 1.123 solicitudes, superando o número de prazas ofertadas (927 prazas).

- O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos en función das necesidades da administración -disposición adicional 33ª da LCSP- (apartado 3L das FEC), polo que o que se modifica é o orzamento máximo previsto, con afectación dos apartados 3A e 3E (anualidades). O método de cálculo do valor estimado (apartado 3D) xa contemplaba “unha posible modificación do contrato do 20%”.

A modificación supón un incremento do orzamento máximo de 300.855,00 euros, que representa un 5,014%, que xunto coa porcentaxe da primeira modificación (5,392 %) fai un total de 10,406%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15D da FEC.

Asemade, o cálculo da modificación realizouse respectando a especialidade recollida no apartado 15E das FEC obténdose o incremento do prezo do contrato da multiplicación do prezo unitario ofertado polo contratista

(3.235,00 euros) por alumno polo número de alumnos que se incrementen (93 alumnos)". A modificación calcúlase exclusivamente para a anualidade de 2025 e será necesario manter a ratio de monitores ofertada.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP que prevé que *"no caso de que, dentro da vixencia do contrato as necesidades reais fosen superiores ás inicialmente estimadas, deberá tramitarse a correspondente modificación. Para tales efectos, a documentación que rexe a licitación deberá prever a posibilidade de que o contrato poida ser modificado como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose para tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades"*.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque se trata dunha modificación prevista no PCAP (en calquera caso o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros). No entanto, neste expediente non é preciso conceder un trámite de audiencia dado que, previa solicitude do responsable do contrato, o contratista NEWLINK EDUCATION, S.L., presentou mediante escrito de data 16 de maio de 2025 (documento nº 250113861) proposta técnica revisada para a modificación do contrato na que manifesta a súa conformidade *"para atender de forma satisfactoria na edición "Vigo en Inglés 2025" este incremento de 93 beneficiarios/as nas mesmas condicións contractuais respecto do programa orixinal para os 927 alumnos/as beneficiarios/as da edición 2025"*.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público, promover a aprendizaxe e o perfeccionamento no uso da lingua inglesa do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

alumnado de secundaria matriculado en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos, que se encadra nas competencias municipais relativas á promoción da cultura e promoción turística recollidas no artigos 25.2.m e h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia. Concretamente, sinala o servizo xestor no seu informe do 19 de maio de 2025:

- *“Nun mundo globalizado como o actual, está fóra de toda dúbida a vital importancia da formación en idiomas estranxeiros, sendo a competencia en lingua inglesa do alumnado vigués manifestamente mellorable. O programa municipal “Vigo en Inglés 2025” mellora o coñecemento e a práctica da lingua inglesa da poboación estudiantil de Vigo, constituíndo un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global. É dicir, prepara aos nosos estudantes para os desafíos dunha mobilidade internacional no mercado de traballo, satisfacendo a necesidade dunha sociedade plurilingüe e tentando evitar os perigos que puidese ocasionar a marxinación daquel alumnado que non posúa as destrezas necesarias para ter a maior fluidez, manexo e dominio da lingua inglesa.*
- *A Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE) publicada no BOE nº 340 do 30/12/2020, nos seus artigos 25 e 26 recolle nos principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizárase a comprensión e expresión oral.*

Por iso, esta acción municipal permite mellorar significativamente a aprendizaxe e competencia en lingua inglesa do alumnado da nosa cidade, ao favorecer a súa integración completa nun ámbito internacional (High School, familia de acollida inglesa e localidade de fala inglesa) durante unha estadia prolongada, sendo este tempo de exposición do alumno/a á lingua inglesa un medio ideal para a súa aprendizaxe práctica en contextos reais 24 horas ao día, perfeccionando as habilidades comunicativas de comprensión e expresión oral na lingua inglesa. En consecuencia estas estadias lingüísticas de 3 semanas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda no marco do programa municipal “VIGO EN INGLÉS 2025”, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma.

- *Para o alumnado vigués participante esta mellora da competencia en lingua inglesa, facilita o acceso a posteriores estudos universitarios en campus europeos e posibilita máis saídas profesionais, especialmente en empregos con proxección internacional.*
- *Con esta iniciativa formativo-lingüística municipal, o Concello de Vigo dende hai varios anos, ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas; dado que o coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo*

fundamental, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

- *O programa “Vigo en Inglés 2025” estimula no alumnado participante unha educación plurilingüe e intercultural, mediante a inmersión e práctica da lingua inglesa e a súa utilización en entornos comunicativos reais, sendo esta formación lingüística complementada con actividades non so académicas, senon de índole cultural, deportivo, tempo libre, obradoiros, coñecemento aspectos socioculturais... cuxa finalidade é promover a convivencia e comunicación co alumnado inglés. Polo tanto, comunicación práctica, integración e interculturalidade son aspectos básicos que promove este programa municipal, que sen dúbida algunha facilitará a construción e desenvolvemento colectivo dunha sociedade mais xusta e equitativa que evoluciona e progresa na igualdade de oportunidades e respecto e comprensión doutras culturas”.*

Asemade, indica o informe:

“que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 07/03/2025 aprobou as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2025” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos” (expte 98737/332). Neste convocatoria estableceuse un prazo de presentación de solicitudes do luns 17 ao luns 31 de marzo, e no mesmo se teñen recibido un total de 1123 solicitudes, que neste intre se están a baremar para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria municipal”

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 300.855,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais”:

Ano	Importe (exento de IVE)
2025	300.855,00 euros

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como a modificación non se atopa nos casos previstos nas letras a) y b) do apartado 2 do artigo 205, non ten que publicarse o anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicárase esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 15.042,75 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo

que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais.

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en inglés 2024-2025” (62.810-332), segundo o solicitado polo técnico do Servizo de Educación (responsable do contrato) e a xefa do Servizo, mediante informe do 19 de maio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

2025, conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

Trátase dunha modificación prevista comprendida no suposto contemplado no apartado 15C do Anexo I -FEC- do PCAP que consiste na superior demanda de prazas para o programa sobre o número de prazas ofertadas para a convocatoria de 2025.

A modificación supón un incremento do orzamento máximo en 300.855,00 euros, con afectación dos apartados 3A e 3E (anualidades).

Representa un 5,014%, que xunto coa porcentaxe da primeira modificación (5,392 %) fai un total de 10,406%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15D da FEC.

En cumprimento do apartado 15E das FEC esta modificación calcúlase exclusivamente para a anualidade de 2025 e será necesario manter a ratio de monitores ofertada polo contratista.

2º.- O importe da modificación aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais”:

Ano	Importe (exento de IVE)
2025	300.855,00 euros

3º.- Unha vez aprobada a modificación, o contratista, NEWLINK EDUCATION, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva por importe de 15.042,75 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao contratista, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

6º.- Comunicar ao Consello de Contas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(421).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ARTISTA “ANA BELÉN” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10424/335.

Visto o informe de fiscalización do 10/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Ana Belén” (10424-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que YMAX PRODUCCIONES SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).".

Segundo.- O 30 de maio de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a YMAX PRODUCCIONES, SL.

Terceiro.- O 6 de xuño de 2025 YMAX PRODUCCIONES, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 6 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a YMAX PRODUCCIONES, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de YMAX PRODUCCIONES, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, YMAX PRODUCCIONES, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 6 de xuño de 2025 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a YMAX PRODUCCIONES, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Ana Belén” (10424-335) por un prezo total de 195.415,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.915,00 euros”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(422).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB DEPORTIVO AMFIV EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025.EXPTE. 24755/333.

Visto o informe xurídico do 09/05/2025 e o informe de fiscalización do 04/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 04.05.25 a entidade Club Deportivo AMFIV presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 250101525) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e **axu10.-**
da ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás

entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo ós antecedentes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 65.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890007 a favor da entidade C.D. AMFIV polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. AMFIV conta cun equipo de elite na Baloncesto en cadeira de rodas na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. AMFIV e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. AMFIV para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.07 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. AMFIV durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva C.D. AMFIV para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 65.000,00 € a favor da entidade CD AMFIV co CIF: G36711380 e enderezo social en Kiosco Canido Estación S/N CP (36390), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24755-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890007 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A entidade C.D. AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 24755-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira. Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes . Javier Pardo Espiñeira. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024, BOPPO Nº134 de data 10.07.24)

Doutra, José Antonio Beiro Rodríguez como presidente da entidade CD AMFIV CIF: G36711380 e enderezo social en Kiosko Canido S/N (36390), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24755-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C.D. AMFIV durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. AMFIV impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en cadeira de rodas en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890007 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 65.000,00€ a favor da entidade C.D. AMFIV.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade C.D. AMFIV na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade C.D. AMFIV non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24755-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C.D. AMFIV conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. AMFIV comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na Baloncesto en cadeira de rodas na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. AMFIV na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. AMFIV (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. AMFIV unha subvención por importe de 65.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890007 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou

foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrência competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva

2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:-

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

9(423).- CONVOCATORIA DOS POSTOS A CONTRATAR NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL “VIGO EMPREGA 2025”. EXPTE. 21480/77.

Visto o informe de fiscalización do 10/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/06/2025, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2025*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Quinta Tenencia de Alcaldía e Concellería da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, pon en marcha o presente programa de activación do emprego, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Este programa de emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 9 meses da convocatoria anual, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo neste programa estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello. Con este programa, perséguese ampliar a oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica á formación, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, a especialización e a mellora da profesionalidade dos participantes.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 21387/77 consta remitido en data 19/02/2025 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no

artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral “Vigo Emprega 2025” do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 20/03/2025 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego Programa “Vigo Emprega 2025” do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

III. RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2025:

Tal e como consta en ANTECEDENTES coa implantación deste novo plan promóvese a realización de contratos de duración determinada (máximo 9 meses) en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio, que se propoñen para aprobación da Xunta de Goberno Local.

As actuacións a desenvolver por este programa de activación do emprego no marco do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, VIGO EMPREGA 2025, atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, que se encadrarían dentro dos obxectivos do programa tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios e espazos públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público - que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 21548-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, e que se relacionan a continuación:

a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:

- REFORMA DE BAÑOS no 2º andar do edificio principal do CEIP BALAIOS
- REFORMA DE BAÑO no 2º andar do edificio principal do CEIP BEADE COUTADA
- REFORMA DE BAÑOS de infantil no baixo do edificio principal do CEIP CANDEAN IGREXA
- REFORMA DE BAÑOS no baixo do edificio principal do CEIP ESCULTOR ACUÑA
- REFORMA DE VESTIARIOS no ximnasio do CEIP JAVIER SENSAT
- REFORMA DE BAÑOS de profesores e un baño pequeno no 2º andar do edificio principal do CEIP SAN SALVADOR DE TEIS.
- REFORMA DE BAÑO no baixo do edificio principal do CEIP VALADARES SOBREIRA
- REFORMA DE BAÑOS de nenos no 3º andar do edificio principal do CEIP VALLE INCLÁN
- REFORMA DE BAÑOS de infantil no baixo da ala dereita do CEIP VICENTE RISCO
- REFORMA DE BAÑOS no 1º andar do edificio do aulario da EEI VILLALaura
- REFORMA DE BAÑO no 1º andar do edificio principal do CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

b) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- CONSTRUCCIÓN INTERIOR DO BAÑO no cemiterio de Cabral.
- REFORMA DE ESCALEIRA METÁLICA para mellorar a accesibilidade ao osario xeral no cemiterio de Pereiró.
- REFORMA DO ALMACÉN no cemiterio de Cabral.
- PECHE DA HORTA DE NAVIA do seu perímetro, cara sur

c) CONCELLERÍA DE FOMENTO:

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS No termo municipal de Vigo, rúas: Rúas: Pino, Gran Vía, Ramón Maria del Valle Inclán, Marqués de Alcedo, Cánovas del Castillo, Montecelo Baixo, Portela, Avd Atlántida, Chano Piñeiro, Arquitecto Alberto Baltar, Freixeiro, Caramuxo, Castrelos, Paz, Honduras
- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS nas rúas: Babio e Maceiriñas.

d) CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

- RECUPERACIÓN ESTANQUE en Castrelos
- INSTALACIÓN DE SISTEMA DE REGA automático en Castrelos

e) CONCELLERÍA DE MONTES PARQUES E XARDÍNS.

- REHABILITACIÓN VIVEIRO DO CASTRO e zonas axardinadas.
- CONSTRUCCIÓN CANALETAS DE PEDRA RAMPAS E ESCALEIRAS no entorno do Castelo do Castro.

f) CONCELLERÍA DE EMPREGO E PARTICIPACION CIDADÁ

- FORMIGONADO DA EXPLANADA EXTERIOR da nave da Florida
- CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEATONAL na contorna do Centro de Distrito de Saians.
- REFORMA SALA DE EXPOSICIÓN no Centro de Distrito de Teis.
- REFORMA LOCAL SAN ROQUE para Centro Municipal de Distrito
- REFORMA COCIÑA no Centro de Distrito de Teis
- CONSTRUCCIÓN MURO DE CONTENCIÓN en Perpiaños de pedra no entorno da asociación veciñal Feira-Cabral

IV. EFECTIVOS A CONTRATAR PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA CONVOCATORIA 2025.

As Bases reguladoras do programa establecen que as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Técnico Auxiliar de PRL</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico de maquinaria</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial pintura</i>
<i>Oficial albanelería</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>

<i>Oficial electricidade</i>	<i>Peóns xardinería- forestal</i>	<i>Peóns construción</i>
<i>Delineante</i>		

O número de efectivos a convocar para o desenvolvemento do PROGRAMA VIGO EMPREGA 2025 serían os seguintes:

1. Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Capataces construción	3 (tres)

2. Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Oficial albanel	13 (trece)
b) Oficial electricista	1 (un)
c) Oficial fontaneiro	1 (un)
d) Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
e) Oficial Carpintería metálica	1 (un)
f) Oficial Carpintería madeira	1 (un)
g) Oficial Pintor	1 (un)
h) Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
i) Oficial xardinaría	3 (tres)
j) Oficial conducción	10 (dez)

3. Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Construción.	28 (vinteoito)
b) Xardinería-forestal	8 (oito)

4. Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Auxiliar administrativo	1 (un)
b) Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
c) Delineante	1 (un)

De acordo co establecido no apartado 9.1d as Bases da convocatoria, o persoal administrativo e técnico beneficiario será seleccionado, preferentemente, entre as candidaturas remitidas polo SPEG que pertencen aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou persoas menores ou iguais a 30 anos.

O número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.3 das Bases de Selección de persoas candidatas, sería de:

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
b) 28% mulleres DLD	8
c) 2% vítima de violencia de xénero.	1
d) 1% persoas trans.	1



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

e) 21% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	8
f) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	9
g) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .	7

V. BASES REGULADORAS:

A **Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN** establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá ca duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2025 para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

A este respecto, cómpre lembrar que o réxime xurídico aplicable ás contratacións temporais nas Administracións Públicas ten variado substancialmente logo da entrada en vigor do RD-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Ao abeiro das modificacións introducidas polo art. 1.3 do dito Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022 (con entrada en vigor o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei) – as administracións públicas poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses (Disposición Final segunda).

Para esta nova modalidade contractual vinculada a programas de activación para o emprego xenerouse un modelo de contrato e código propio para dar cobertura a estes contratos de duración determinada.

O RDLex 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego foi derogado pola Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, cuxa Disp. Adic. 9ª sinala que: “1. Las Administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de empleo previstos en esta ley con las personas participantes en dichos programas. La duración de estos contratos no podrá exceder de doce meses y, en el caso de la contratación realizada por Administraciones públicas, los procesos de selección deberán observar los principios de igualdad, mérito y capacidad. (...)”.

De acordo co anterior e, tal e como consta referido en antecedentes do presente informe-proposta, con data 20/03/2025 a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2025 do Concello de Vigo, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais de data 12 de marzo de 2025 no que entende que: “(...) non existe incompatibilidade PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2025 do Concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollen as bases reguladoras das axudas,...(...)”. E sinala tamén que: “(...), dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizos públicos das CCAA a través do Programa Anual de Fomento do Emprego Digno, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoque para este ano 2025 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia..”.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

- Base 7ª. FORMACIÓN:

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de **9 meses**; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

Códigos	PROGRAMA DE FORMACIÓN	Nº Horas	Temática	Especialidade
	PRL para traballos de albanelería parte común e específica	16h	Formación Básica de Prevención de Riscos laborais	PRL
	PRL para xardinería parte común e específica	7h		
	PRL Equipos de albanelería	2h		
	PRL Equipos de xardinería	2h		
	PRL para Oficinas parte común e específica	10h		
	PRL Equipos dos diferentes oficios	2h		
	PRL condutores parte común e específica	10h		
	PRL manipulación cargas camión cesto izado de cargas portacontedores e remolque	12h		
	PEMP- Plataforma elevadora	3h		
	PRL específico para oficinas	4h		
	Sinalización	1h		
	Escadas e varandas	1h 30 min		
	Montaxe de andamio tubular	3h		
UF0302	Proceso e preparación de equipos e medios en traballos de albanelería	40h	Especialización Técnica cursos teórico prácticos	Construción
EOCJ014	Sistemas de illamento Térmico Exterior. Rehabilitación enerxética de fachadas	20h		
UF1554	Instalacións simples de tabiques e trasdosados de placa de seixo laminado	40h		
FMEC003	Fabricación e montaxe de construcións metálicas.	45h		
MF0882	Montaxe e instalación de elementos de carpintería e moble.	28h		
ENAC15	Eficiencia enerxética en instalacións de aerotermia.	30h	Orientación e Sensibilización	Comúns
	Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.	5h		
	Igualdade de oportunidades	10h		
	Alfabetización dixital, tramitación e administración dixital	10h		
	Sensibilización Ambiental	10h	Especialización Técnica cursos teórico prácticos	Xardinería
AGA3004	Curso xardinería e paisaxismo	50h		

- Base 8ª. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

- Unha vez aprobadas as bases reguladoras da convocatoria procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro electrónico de edictos e anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma anuncio do inicio do procedemento de selección de persoas candidatas ao programa (pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.

As bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2025 e constan publicadas tanto no BOPPO núm. 81 do mércores 30 de abril de 2025 coma no DOGA núm. 107 do venres, 6 de xuño de 2025.

8.1 Sistema de admisión

- O sistema de admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.
- O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitará ao SPEG as persoas traballadoras que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia no prazo que se indique na oferta.

As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS ás persoas candidatas remitidas, de ser necesario.

No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

3. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, verificarase o cumprimento dos requisitos imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e procederá á declaración provisional das persoas admitidas e excluídas. As persoas que non cumpran os requisitos definidos nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL) en colaboración cos servizos municipais de Igualdade e de Benestar Social do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

8.2 Sistema de selección

Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase por parte da Comisión de Selección á realización dunha entrevista persoal e probas: escrita e práctica.

- **Entrevista: (máximo 3 puntos).** Realizarase unha entrevista persoal na que se valore a actitude e interese que demostra a persoa candidata na participación no programa. Valoraranse actitudes profesionais e formativas previas, aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa.
Solicitarase información ás persoas candidatas para valorar a súa opinión sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o interese polo emprego.
As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega e convocarase á realización da proba escrita.
- **Proba Escrita (máximo 3 puntos)**
A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraránse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
As persoas candidatas cunha cualificación de “NSNM”, serán excluídas do proceso de selección.
- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse dacordo a profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

- Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

VI. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05/04/2024, acordou aprobar a proposta de actualización da estrutura salarial logo da Comisión de Seguimento do Acordo Marco reunida o pasado 12 de marzo de 2024, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da dita proposta de actualización salarial do persoal beneficiario, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións (táboas salariais publicadas no BOPPO núm. 74 do Martes, 16 de abril de 2024), asemade, incluese para os postos de Peón e Auxiliares administrativos beneficiarios a última actualización do SMI aprobado para o ano 2025, no Real Decreto 87/2025, de 11 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2025 publicado no BOE n.º 37 do 12 de febreiro de 2025.

SALARIOS VIGO EMPREGA 2025. Anualidade 2025															
Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empre	Cotización n por trab/pos	Custe total estimado	Custe posto/mes	CUSTO SALARIAL base cotizaci 3 meses. (A)	COTA PATRONAL SS.SS 3 meses (B)	INDEMNIZACIÓN 6 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
1	Aux. Administra	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/a	33,27	459,57	459,57	1.840,90	1.840,90	4.144,00	1.378,71	,00	5.522,71
1	Delineante	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/-	33,42	577,52	577,52	2.305,59	2.305,59	5.184,20	1.732,56	,00	6.916,76
1	Tecn. Aux PRL	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/-	33,42	577,52	577,52	2.305,59	2.305,59	5.184,20	1.732,56	,00	6.916,76
3	Capataz.Constru	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/d	38,47	664,79	1.994,36	2.392,85	7.178,56	15.552,60	5.983,09	,00	21.535,69
13	O. albanel	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	7.358,27	2.037,35	26.485,56	57.381,87	22.074,81	,00	79.456,68
1	O. electricista	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	4.413,99	1.698,06	,00	6.112,05
1	O. fontaneiro	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	4.413,99	1.698,06	,00	6.112,05
1	O.Carp. aluminio	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	4.413,99	1.698,06	,00	6.112,05
1	O.Carp. metálica	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	4.413,99	1.698,06	,00	6.112,05
1	O.Carp. madeira	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	4.413,99	1.698,06	,00	6.112,05
1	Ofic. pintor	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	4.413,99	1.698,06	,00	6.112,05
1	O.Mecánico	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	4.413,99	1.698,06	,00	6.112,05
3	Ofic. xardinaria	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/g	35,37	520,41	1.561,23	1.991,74	5.975,22	13.241,97	4.683,68	,00	17.925,65
10	Ofic. conducción	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/f	38,30	563,52	5.635,19	2.034,85	20.348,49	44.139,90	16.905,58	,00	61.045,48
8	Peón xardineria	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/g	35,37	488,58	3.908,62	1.869,91	14.959,29	33.152,00	11.725,86	,00	44.877,86
28	P. construcción	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/d	38,47	531,40	14.879,17	1.912,73	53.556,50	116.032,00	44.637,51	,00	160.669,51
75												324.910,67	122.740,79	,00	447.651,46

Os custos totais estimados das retribucións do persoal beneficiario a contratar, determinados na aprobación da presente convocatoria, pola Xunta de Goberno Local para o 2025, cuxo prazo estimado de contratación será, a partir do 1 de outubro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026 polo que os custos totais concrétnanse nos dous exercicios orzamentarios e aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente aos anos 2025 e 2026:

- 2410 1310000 “ PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL” SALARIOS:
 - Orzamento 2025 **324.910,67€**
 - Orzamento 2026 **649.821, 34€+ indemnización fin de contrato: 32.491,07 €**
- 2410 16000001 “PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.”:
 - Orzamento 2025 **122.740,79€**

SALARIOS VIGO EMPREGA 2025. Anualidad 2026															
Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Importe brutos mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empre	Cotización n por trab/pos	Custe total estimado	Custe posto/mes	CUSTO SALARIAL base cotizaci 6 meses. (A)	COTA PATRONAL SS.SS 6 meses (B)	INDEMNIZACION 9 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
1	Aux. Administra	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/a	33,27	459,57	459,57	1.840,90	1.840,90	8.288,00	2.757,42	414,40	11.459,82
1	Delineante	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/-	33,42	577,52	577,52	2.305,59	2.305,59	10.368,40	3.465,12	518,42	14.351,94
1	Tecn. Aux PRL	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/-	33,42	577,52	577,52	2.305,59	2.305,59	10.368,40	3.465,12	518,42	14.351,94
3	Capataz.Constru	1481,20	246,87	1.728,07	1.728,07	84/d	38,47	664,79	1.994,36	2.392,85	7.178,56	31.105,20	11.966,17	1.555,26	44.626,63
13	O. albanel	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	7.358,27	2.037,35	26.485,56	114.763,74	44.149,61	5.738,19	164.651,54
1	O. electricista	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	8.827,98	3.396,12	441,40	12.665,50
1	O. fontaneiro	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	8.827,98	3.396,12	441,40	12.665,50
1	O.Carp. aluminio	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	8.827,98	3.396,12	441,40	12.665,50
1	O.Carp. metálica	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	8.827,98	3.396,12	441,40	12.665,50
1	O.Carp. madeira	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	8.827,98	3.396,12	441,40	12.665,50
1	Ofic. pintor	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	8.827,98	3.396,12	441,40	12.665,50
1	O.Mecánico	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/d	38,47	566,02	566,02	2.037,35	2.037,35	8.827,98	3.396,12	441,40	12.665,50
3	Ofic. xardinaria	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/g	35,37	520,41	1.561,23	1.991,74	5.975,22	26.483,94	9.367,37	1.324,20	37.175,51
10	Ofic. conducción	1261,14	210,19	1.471,33	1.471,33	84/f	38,30	563,52	5.635,19	2.034,85	20.348,49	88.279,80	33.811,16	4.413,99	126.504,95
8	Peón xardineria	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/g	35,37	488,58	3.908,62	1.869,91	14.959,29	66.304,00	23.451,72	3.315,20	93.070,92
28	P. construcción	1184,00	197,33	1.381,33	1.381,33	84/d	38,47	531,40	14.879,17	1.912,73	53.556,50	232.064,00	89.275,02	11.603,20	332.942,22
75												649.821,34	245.481,58	32.491,07	927.793,99



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

▪ Orzamento 2026 **245.481,58€**

VII. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

VI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación cidadá, tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 28 de xuño de 2024, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. Aprobar a convocatoria para a provisión dos seguintes postos segundo as bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias **do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2025**, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2025 e publicadas tanto no BOPPO núm. 81 do mercores 30 de abril de 2025 coma no DOGA núm. 107 do ventres, 06 de xuño de 2025:

Capataces beneficiarios/as:

Profesión _____

Capataces construción

Postos a contratar

3 (tres)

Oficiais de oficios beneficiarios/as:

Profesión _____

Oficial albanel

Postos a contratar

13 (trece)

Oficial electricista	1 (un)
Oficial fontaneiro	1 (un)
Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
Oficial Carpintería metálica	1 (un)
Oficial Carpintería madeira	1 (un)
Oficial Pintor	1 (un)
Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
Oficial xardinaría	3 (tres)
Oficial conducción	10 (dez)

Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Construción.	28 (vinteoito)
Xardinería-forestal	8 (oito)

Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Auxiliar administrativo	1 (un)
Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
Delineante	1 (un)

2. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.1 das Bases de Selección de persoas candidatas:

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
b) 28% mulleres DLD	8
c) 2% vítima de violencia de xénero.	1
d) 1% persoas trans.	1
e) 21% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	8
f) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	9
g) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .	7

3. Realizar a solicitude de persoas candidatas ás Oficinas do Servizo Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para as distintas categorías profesionais das ocupacións ofertadas do procedemento de selección.

4. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa na convocatoria do 2025, que deseguido se relacionan atendendo ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios e espazos públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público - que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 21548-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación:

a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:

- REFORMA DE BAÑOS no 2º andar do edificio principal do CEIP BALAIOS
- REFORMA DE BAÑO no 2º andar do edificio principal do CEIP BEADE COUTADA
- REFORMA DE BAÑOS de infantil no baixo do edificio principal do CEIP CANDEAN IGREXA
- REFORMA DE BAÑOS no baixo do edificio principal do CEIP ESCULTOR ACUÑA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- REFORMA DE VESTIARIOS no ximnasio do CEIP JAVIER SENSAT
- REFORMA DE BAÑOS de profesores e un baño pequeno no 2º andar do edificio principal do CEIP SAN SALVADOR DE TEIS.
- REFORMA DE BAÑO no baixo do edificio principal do CEIP VALADARES SOBREIRA
- REFORMA DE BAÑOS de nenos no 3º andar do edificio principal do CEIP VALLE INCLÁN
- REFORMA DE BAÑOS de infantil no baixo da ala dereita do CEIP VICENTE RISCO
- REFORMA DE BAÑOS no 1º andar do edificio do aulario da EEI VILLALaura
- REFORMA DE BAÑO no 1º andar do edificio principal do CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

b) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:

- CONSTRUCCIÓN INTERIOR DO BAÑO no cemiterio de Cabral.
- REFORMA DE ESCALEIRA METÁLICA para mellorar a accesibilidade ao osario xeral no cemiterio de Pereiró.
- REFORMA DO ALMACÉN no cemiterio de Cabral.
- PECHE DA HORTA DE NAVIA do seu perímetro, cara sur

c) CONCELLERÍA DE FOMENTO:

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS No termo municipal de Vigo, rúas: Rúas: Pino, Gran Vía, Ramón Maria del Valle Inclán, Marqués de Alcedo, Cánovas del Castillo, Montecelo Baixo, Portela, Avd Atlántida, Chano Piñeiro, Arquitecto Alberto Baltar, Freixeiro, Caramuxo, Castrelos, Paz, Honduras
- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS nas rúas: Babio e Maceiriñas.

d) CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

- RECUPERACIÓN ESTANQUE en Castrelos
- INSTALACIÓN DE SISTEMA DE REGA automático en Castrelos

e) CONCELLERÍA DE MONTES PARQUES E XARDÍNS.

- REHABILITACIÓN VIVEIRO DO CASTRO e zonas axardinadas.
- CONSTRUCCIÓN CANALETAS DE PEDRA RAMPAS E ESCALEIRAS no entorno do Castelo do Castro.

f) CONCELLERÍA DE EMPREGO E PARTICIPACION CIDADÁ

- FORMIGONADO DA EXPLANADA EXTERIOR da nave da Florida
- CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEATONAL na contorna do Centro de Distrito de Saiáns.
- REFORMA SALA DE EXPOSICIÓN no Centro de Distrito de Teis.
- REFORMA LOCAL SAN ROQUE para Centro Municipal de Distrito
- REFORMA COCIÑA no Centro de Distrito de Teis
- CONSTRUCCIÓN MURO DE CONTENCIÓN en Perpiños de pedra no entorno da asociación veciñal Feira-Cabral.

5. Aprobar o gasto total de 1.375.445,45 € con cargo ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2025 e 2026.

- a) 410 1310000 " PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL" SALARIOS:
 - Orzamento 2025 **324.910,67€**

- Orzamento 2026 **649.821, 34€+ indemnización fin de contrato: 32.491,07 €**
- b) 2410 16000001 “PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.”:
 - Orzamento 2025 **122.740,79€**
 - Orzamento 2026 **245.481,58€**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(424).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARTISTA “CORAL CASABLANCA” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE.10425/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 10/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Primeiro.- Mediante resolución do 16 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista "CORAL CASABLANCA" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 16 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025", no marco do expediente 10333-335.
- Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista CORAL CASABLANCA.
- Memoria económica de data 21 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 23 de abril de 2025 (operación nº 12025000041974-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 5 de maio de 2025.

- Memoria xustificativa, de data 24 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado no expediente, segundo informe do servizo de Contratación de data 21/05/2025, que D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa cualidade de presidente da Fundación Casablanca ostenta a condición de representante da "CORAL CASABLANCA", tal e como se desprende da escritura outorgada ante o notario D. Pablo Rueda Rodríguez-Vila, de data 1 de agosto de 2023. Así mesmo, queda acreditado que, na súa cualidade de representante, cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 26 de xullo de 2025 a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., en escrito de data 16 de xaneiro de 2025. Consta así mesmo acreditado o poder de representación de D^a Ana María Sanromán Rodríguez para actuar en nome e representación de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “CORAL CASABLANCA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 46.585,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 38.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria

3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(425).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ARTISTA “VANESA MARTÍN” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE.10428/335.

Visto o informe xurídico do 09/06/2025 e o informe de fiscalización do 10/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 22 de abril de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “VANESA MARTIN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 22 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2025”.
 - O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
 - Con data 16 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha primeira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista VANESA MARTIN.
 - Memoria económica de data 23 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Retención de crédito de data 24 de abril de 2025 (operación nº 12025000042211-RC).
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 5 de maio de 2025.
 - Memoria xustificativa, de data 24 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)

- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 21 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
 - Consta acreditada, segundo informe do Servizo de Contratación de data 21 de maio de 2025, a representación de "VANESA MARTÍN" pola mercantil LA PIEL DE MARTINA, SL., que a cede a mercantil RML, SLU, en escritura pública de data 4 de xaneiro de 2022 outorgada ante o notario D. Antonio Vaquero Aguirre. D^a Rosa Aurora Lagarrigue Echenique, en nome e representación de RML, SLU, cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto no Auditorio de Castrelos de Vigo o día 31 de xullo de 2025 a Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. Consta tamén acreditados os poderes de representación de D^a Rosa Aurora Lagarrigue Echenique (escritura pública de 30 de xullo de 2018, outorgada ante o notario D. Luis Quiroga Gutierrez) e D^a Ana María Sanromán Rodríguez (escritura pública de 24 de maio de 2021, outorgada ante o notario D. Fernando Olmedo Castañeda) para actuar en nome para actuar en nome e representación de RML, SLU e ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, respectivamente.
 - Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “VANESA MARTIN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 163.350,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 135.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(426).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE 2025. EXPTE. 12152/320.

Visto o informe de fiscalización do 04/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá, e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 14/03/2025, Dona Águeda Ubeira Naveiras (DNI: 3617****), en calidade de presidenta da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), achegou escritos documentos nº 250028889 e nº 250058901, que xunto coas achegas posteriores de data 20/03/2025 doc nº 250064155, do 08/04/2025 doc nº 250082272, e do 23/05/2025 doc nº 250119445 solicita a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2025, entre os meses de outubro de 2024 a setembro 2025, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Águeda Ubeira Naveiras, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/04/2025.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 08/04/2025.
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/04/2025.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 21/03/2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2024 a setembro 2025)	
Aluguer local	3.600,00 €
TOTAL	3.600,00 €

INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2024 a setembro 2025)	
Subvención Concello	3.600,00 €
TOTAL	3.600,00 €

8. Contrato de aluguer.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1216/14, segundo resolución da Alcaldía de data 16/05/2014.

V. O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, cunha dotación de 3.600,00 €.

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 21/03/2025 da tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD (G36801876), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2024 ata setembro de 2025.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”.

Segundo recolle o art. 10 dos Estatutos da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenvolver proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión ou partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Águeda Ubeira Naveiras , con DNI 3617*****, en calidade de Presidenta da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), con domicilio social na Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 12152/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre

outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do

sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, cunha dotación orzamentaria de 3.600,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/24 e o 30/09/25, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2025**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden

ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800003 denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2025.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2024 e setembro de 2025, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros).

TERCEIRO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dona Águeda Ubeira Naveiras, con DNI 3617*****, en calidade de Presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), con domicilio social Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta dos datos incorporados ao expte. 12152/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos

intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar asociacións destinadas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, atendendo as súas consultas e canalizar as súas inquietudes mediante asesoramento e información para constituír unha empresa, orientación, oferta..., en definitiva, representar e defender os intereses dos empresarios de Vigo e Mancomunidade.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e Democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos mozos e mozas emprendedores e empresarios vigueses.

IV.- Que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, de conformidade co art. 10 dos Estatutos, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenrolar proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- Promover a creación de emprego.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1216/14 no epígrafe 5.2.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” leve a cabo os proxectos e actividades planificadas para o 2025, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” nominativa a favor da entidade, cunha asignación orzamentaria de 3.600,00 €.

VIII.- As actividades programadas pola “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” para o 2025, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, o son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Vitaminas formativas
2. Aula de emprendedores
3. Almorzos de Ideas
4. Congreso

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, entre os meses de outubro 2024 a setembro de 2025, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2024 a setembro 2025)	
Aluguer local	3.600,00 €
TOTAL	3.600,00 €

X.- Que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, ... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito de apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscentos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2024 a setembro de 2025, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e

34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2024 ata o 30/09/2025.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2025**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1.Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- 2.Datas e lugar de celebración.
- 3.Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- 4.Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
- 5.Actuacións realizadas.
- 6.Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento

xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “X” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificáranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES46 0049 6766 8925 1002 3582 (SANTANDER).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 1/10/2024 e o 30/09/2025.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou a persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

13(427).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DAS PRAZAS DE MESTRE/A DE FORMACIÓN DA EMAO, DELINEANTE, ADMINISTRATIVO/A DE SERVIZOS TURÍSTICOS E ENCARGADO/A RESPONSABLE DE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46282/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/06/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e

conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C1 de titulación:

Denominación	Vínculo xurídico/ subgrupo	Número de prazas
MESTRE/A FORMACION EMAO	Laborar fixo (equi. Sub. C1)	4
DELINEANTE	Laborar fixo (equi. Sub. C1)	1
ADMINISTRATIVO/A SERVICIOS TURÍSTICOS	Laborar fixo (equi. Sub. C1)	3
ENCARGADO/A RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPALES DE EMPREGO	Laborar fixo (equi. Sub. C1)	1

II.- En sesión de data 20/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo das prazas equiparadas ao subgrupo A1 de titulación, acordou:

**-PROCESO Nº 26 - MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, ESCULTURA E TALLA EN MADEIRA.
LABORAL FIXO – C1:**

- GARCÍA MARTÍNEZ, R.M ***9228**

**- PROCESO Nº 27 - MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, DISEÑO E ENCAJE DE PALILLOS.
LABORAL FIXO – C1:**

- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M ***6096**

**- PROCESO Nº 28 - MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, CERÁMICA ARTÍSTICA. LABORAL FIXO-
C1:**

- QUINTAS SALGADO, E ***0485**

**- PROCESO Nº 29 - MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, ARTESANÍA EN COIRO. LABORAL FIXO –
C1:**

- PEREIRA SOMOZA, J.A ***8735**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- PROCESO Nº 30 - DELINEANTE. LABORAL FIXO – C1:

- BUJÁN OTERO, B ***0981**

- PROCESO Nº 32 - ADMINISTRATIVO/A SERVIZOS TURÍSTICOS. LABORAL FIXO- C1:

- BARREIRA FIDALGO, N ***5716**
- GARCÍA OLIVEIRA, M.J ***8302**
- DÍAZ LÓPEZ, E ***6174**

- PROCESO Nº 33 - ENCARGADO/A RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO. LABORAL FIXO – C1:

- PÉREZ RODRÍGUEZ, M.I ***8870**

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 02/01/2025, marcando o inicio do prazo de 20 días naturais establecido nas bases da convocatoria para presentar a documentación esixida nela.

Posteriormente, consta acordo da Xunta de Goberno Local de 22/04/2025 de resolución dos recursos presentados (copia no trámite 22 do expediente).

-Na mesma proposta se incluía o - PROCESO Nº 31 - ADMINISTRATIVO/A. LABORAL FIXO – C1.

Dado as incidencias xurdidas na tramitación do citado proceso referida a unha das candidatas propostas, e que motivou a necesidade de realizar varios requirimentos por parte desta administración, a proposta de nomeamento realizarase con posterioridade unha vez esgotados os trámites administrativos procedentes que se están levando a cabo.

III.- Consta no trámite 28 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

IV.- Consta incorporado informe de verificación de datos de data 29/05/2025 (trámite 29) sobre a situación das prazas que foron executadas e por se estivesen ocupadas actualmente en réxime de interinidade (ou persoal laboral temporal):

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103. "El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

"1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. "La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo".



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

-Convenio das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral, estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

-Ceses previos como persoal laboral temporal ou laboral indefinido non fixo para poderen ser contratados como persoal laboral fixo.

Das persoas propostas polo órgano de selección para a súa contratación como persoal laboral fixo, equiparados ao subgrupo C1 de titulación, constan que están presentado servizos actualmente nesta administración, as seguintes:

- Posto 654 mestres/as de formación EMAO, dotacións 6, 8, 9 10, en EMAO (613); vinculados ás prazas mestre/a formación- EMAO:

Dotación 6: Ocupado interinamente en data actual por R. M. García Martínez con nº de persoal 83171.

Dotación 8: Ocupado interinamente en data actual por M. Núñez Rodríguez con nº de persoal 83181.

Dotación 9: Ocupado interinamente en data actual por J. A . Pereira Somoza con nº de persoal 83182.

Para levar a cabo a súa contratación no seu novo réxime laboral, as persoas interesadas deberán cesar previamente da situación temporal actual, ceses que xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior a que firmen os respectivos contratos como laborais fixos.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) *La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) *La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) *La intervención material del pago.*
- d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal laboral temporal das prazas de mestres/as de formación EMAO, posto 654, toda vez que ditas prazas que ocupan actualmente foron executadas na respectiva oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, e os respectivos nomeamentos como persoal laboral fixo serán realizados conforme ao apartado SEGUNDO do presente acordo, a:

- R. M. García Martínez, con nº de persoal 83171. Dotación 6.
- M. Núñez Rodríguez, con nº de persoal 83181. Dotación 8.
- J. A . Pereira Somoza, con nº de persoal 83182. Dotación 9.

SEGUNDO.- Contratar como persoal municipal en réxime laboral fixo, equiparados ao subgrupo C1 de titulación e con cargo a diversas prazas que foron convocadas en execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización do Concello de Vigo, a:

- R.M GARCÍA MARTÍNEZ, DNI ***9228**; COMO MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, ESCULTURA E TALLA EN MADEIRA.
- M. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, DNI ***6096**; COMO MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, DESEÑO E ENCAXE DE PALILLOS.
- E. QUINTAS SALGADO, DNI ***0485**; COMO MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, CERÁMICA ARTÍSTICA.
- J.A PEREIRA SOMOZA, DNI ***8735** ; COMO MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, ARTESANÍA EN COIRO.
- B. BUJÁN OTERO, DNI ***0981**; COMO DELINEANTE.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- N. BARREIRA FIDALGO, DNI ***5716**; COMO ADMINISTRATIVO/A SERVIZOS TURÍSTICOS.
- M. J. GARCÍA OLIVEIRA, DNI ***8302**; COMO ADMINISTRATIVO/A SERVIZOS TURÍSTICOS.
- E. DÍAZ LÓPEZ, DNI ***6174**; COMO ADMINISTRATIVO/A SERVIZOS TURÍSTICOS.

- M.I PÉREZ RODRÍGUEZ, DNI ***8870**; COMO ENCARGADO/A RESPONSABLE DE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo Cuarta 3, notificaráselles aos/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

O ceses acordados no apartado PRIMEIRO do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a contratación dos interesados como persoal laboral fixo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Empresa, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente ante a xurisdición social."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(428)- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA NA CATEGORÍA OFICIAL DE POLICÍA LOCAL, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2023 . EXPTE. 46753/220.

Visto o informe de fiscalización do 04/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- En data 30/05/2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta

de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 03/09/2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 169) a Orde de 14 de agosto de 2024 pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461C) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461H) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial. Esta convocatoria incluía oito prazas de oficial por promoción interna.

III.- O 11/03/2025 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo (trámite 4 do expte) que indica: *“Así en base á dita resolución, superan o proceso selectivo convocado a través da Ordo do 14 de agosto de 2024 (DOG número 169, do 03/09/2024) no corpo da Policía Local, escala básica, categoría de oficial, do seu concello os seguintes funcionarios:*

DNI cifrado	NOME	APELIDOS
***9753**	J.	TOUCEDO ALONSO
***9130**	E.	TOUCEDO GARRIDO
***8285**	I.	RODRÍGUEZ MONTERO
***1550**	B.	SOUTO CALVIÑO
***5350**	D.	SENDÓN VARELA
***3331**	A.	ACUÑA SOLLA
***5369**	A.	DOMÍNGUEZ VEIGA
***3499**	C.	PARDO OTERO

No caso do funcionario E. Toucedo Garrido, consta que está dispensado de realizar o curso selectivo de acceso á categoría de oficial por telo cursado previamente, polo que pode ser nomeado directamente funcionario de carreira na categoría de oficial (trámite 12 do expte 46304-220).

IV.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 11/04/2025 acordou nomear, de conformidade coa proposta remitida pola AGASP, como persoal funcionario en prácticas na categoría de Oficial, aos aspirantes contidos na punto anterior.

Igualmente acordou “Nomear, en base aos antecedentes e fundamentos de este informe, como **persoal funcionario de carreira** con cargo á praza vacante de oficial de Policía local, ofertada na Oferta de Emprego público 2023 pola quenda de promoción interna, a:

DNI cifrado	NOME	APELIDOS
***9130**	E.	TOUCEDO GARRIDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

V.- O día 02/06/2025 a AGASP remitiu certificación segundo a que:

“De acordo co indicado na normativa sinalada e aplicable ao presente caso os funcionarios do corpo da Policía Local do concello de Vigo que a continuación se relacionan:

DNI cifrado	NOME	APELIDOS
***9753**	J.	TOUCEDO ALONSO
***8285**	I.	RODRÍGUEZ MONTERO
***1550**	B.	SOUTO CALVIÑO
***5350**	D.	SENDÓN VARELA
***3331**	A.	ACUÑA SOLLA
***5369**	A.	DOMÍNGUEZ VEIGA
***3499**	C.	PARDO OTERO

Superaron o curso selectivo para o acceso a escala básica, categoría de oficial, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 26 de marzo de 2025.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el

procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

B) No ámbito da Policía local a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos tér-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

minos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: *“1. La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.*

2. En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.

3. El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.”

No mesmo senso a Orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (DOG 02/04/2025 núm. 64)

C) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

O artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia: “Adquisición da relación de servizo”, no seu apartado e) prevé a toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento ou dentro do prazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo”

II.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor..

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

V.- PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes de **Oficial de Policía local**, ofertadas na Oferta de Emprego Público 2023 pola quenda de promoción interna, aos aspirantes contidos na certificación remitida pola AGASP segundo a cal: “

DNI cifrado	NOME	APELIDOS
***9753**	J.	TOUCEDO ALONSO
***8285**	I.	RODRÍGUEZ MONTERO
***1550**	B.	SOUTO CALVIÑO
***5350**	D.	SENDÓN VARELA
***3331**	A.	ACUÑA SOLLA

***5369**
***3499**

A.
C.

DOMÍNGUEZ VEIGA
PARDO OTERO

Superaron o curso selectivo para o acceso a escala básica, categoría de oficial, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 26 de marzo de 2025.”

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira nas ditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(429).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DE ÁREA. EXPTE. 1483/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/06/2025, asinado pola Secretaría de Goberno local e o Sr. Alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

En data 22 de xuño e posterior 28 de xullo de 2023 e 8 de marzo e 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno delegou nos titulares das concellerías de Área de Goberno determinadas atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Por razóns de eficacia administrativas e optimización dos recursos empregados resulta aconsellable delegar nos titulares de concellerías de área de Goberno a concesión de determinadas licenzas e competencias en materia de control administrativo de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolven no ámbito da súas respectivas competencias.

Polo exposto, de conformidade coas previsións que se establecen nos artigos 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas no artigo 124 de dito texto legal formula á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 modificado posteriormente por acordo de data 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024 e 28 de xuño de 2024 e delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

(...)

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

En materia de Fomento

(...)

8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos e facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

En materia de Seguridade

(...)

7. Concesión de licenzas de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se desenvolvan en espazos abertos ao público de titularidade pública, incluída a vía pública e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades cando non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada

(...)

VII.- Concellería de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

En materia de comercio

(...)

3. Outorgar as autorizacións administrativas para a xestión e aproveitamento, incluída a ocupación da vía ou espazos públicos de titularidade municipal, incluso en réxime de concorrencia, do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades da campaña do Nadal e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

SEGUNDO.- Aprobar o texto refundido da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos titulares das concellerías de Área de Goberno

1º.- Delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

I.- Na de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

En materia de Igualdade.

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

En materia de Fomento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras
4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
6. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
7. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras.
8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos e facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.
9. Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.

10. O exercicio das accións xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.
11. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
12. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

En materia de Transportes

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
2. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
3. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

En materia de Deportes.

1. Outorgar a autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas agás que a lexislación sectorial atribúa expresamente a competencia a un órgano distinto da Xunta de Goberno Local.
2. Outorgar as autorizacións demaniais nas instalacións de deportivas municipais.

III.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais -sen valor económico-.

En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

IV.- Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o

inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistrais, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistrais que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.

3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.
4. Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato nos expedientes de responsabilidade patrimonial.

V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
 - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenzas de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se desenvolvan en espazos abertos ao público de titularidade pública, incluída a vía pública e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades cando non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
8. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.

4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP),



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

En materia de Recursos Humanos

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.

9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.
3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

VI. Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.

En materia de Política de Benestar social,

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

En materia de parques e xardíns

1. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.
2. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
3. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.
3. Outorgar as autorizacións administrativas para a xestión e aproveitamento, incluída a ocupación da vía ou espazos públicos de titularidade municipal, incluso en réxime de concorrencia, do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades da campaña do Nadal e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

2º- Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a Xunta de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites que no seu caso establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a súa prórroga e a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local.
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Resolución dos expedientes de reintegro de subvencións.
9. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
10. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
11. Conformer o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
12. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solicitando a emisión de

informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.

13. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
14. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal
15. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
16. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

3º.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4º.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

5º.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

6º.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

7º.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

TERCEIRO- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

CUARTO.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

QUINTO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

SEXTO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(430).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “VIGO VERTICAL – HUMANIZACIÓN DA AVDA. A HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN” NO MARCO DO PRTR. EXPTE. 1679/441.

Visto o informe xurídico do 29/05/2025 e o informe de fiscalización do 30/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/05/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

«Aprobar o proxecto de obras de “VIGO VERTICAL - HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN”, redactado polos Arquitectos Maria Monica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Santiago Gonzalez Garcia, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS con SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.271.209,69 €) de data setembro de 2022” . (Tte. 77 do expte. 5451-443).

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 8 de xuño de 2023, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL - HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN”, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16 de maio de 2023. (Tte. 77 do expte. dixital).

3.- Esta actuación enmárcase dentro do “Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, recibindo un cofinanciamento de 945.527,87 €, conforme a Orden ministerial do 17 de xullo de 2023, publicada no BOE núm. 175, do 24 de xullo de 2023. (Tte. 52 do expte. 1383-441).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

4.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de decembro de 2023, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1679-441) por un prezo total do contrato de 1.152.478,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 200.016,97 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”. (Tte. 238 do expte. dixital).

O contrato foi formalizado en data 21 de decembro de 2023, entre o Concello de Vigo e a mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (Tte. 294 do expte. dixital).

5.- O concelleiro da Área de Fomento e Servizos en data 29 de decembro de 2023, (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), e previo informe proposta do servizo xestor, acordou resolver:

“Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de Vigo Vertical “HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN” (1679-441) ao Enxeñeiro Técnico Industrial D. ALFONSO BERROS PÉREZ e a Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dña. CRISTINA M^a AMARO AREA” . (Tte. 24 do expte.6349-443).

5.- En data 16 de xaneiro de 2024 asínase a acta de comprobación de replanteo negativa debido á falta de cumprimentación dos diversos trámites de carácter administrativo necesarios

neste punto. A acta de comprobación de replanteo foi asinada en data 26 de febreiro de 2024, dando comezo as obras ao día seguinte da firma da presente acta. (Ttes. 8 e 44 do expte.6349-443).

6.- En data 30 de xullo de 2024, a Dirección Facultativa das obras emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán”

Tendo en conta o anterior, o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, previo informe proposta do servizo xestor, en data 31 de xullo de 2024, resolveu autorizar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán”. (Ttes. 331 e 333 do expte. dixital).

7.- En data 30 de setembro de 2024, a Dirección Facultativa das obras emite informe autorizando a ampliación de prazo por un período adicional de DOUS (2) meses previa solicitude pola empresa adxudicataria, debido aos atrasos producidos pola aparición de liñas de baixa e media tensión que obrigaron a tomar medidas de seguridade adicionais nos traballos de movementos de terras.

Tendo en conta o anterior, o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, previo informe proposta do servizo xestor, o día 1 de outubro de 2024, resolveu autorizar a ampliación de prazo indicada anteriormente e aprobar o novo programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria. (Ttes. 98 e 99 do expte.6349-443).

8.- Dende a data de autorización da redacción da modificación do proxecto Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán”, continuouse a execución dos traballos da obra non afectados pola redacción do Proxecto modificado nº1.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Posteriormente, en data 20 de decembro de 2024, asínase acta de suspensión temporal da obra, por mor da imposibilidade de avanzar na execución dos traballos restantes afectados pola aprobación do proxecto modificado nº1 das obras de VIGO VERTICAL "HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN" NO MARCO DO PRTR. Expte. 6349-443. (Tte. 105 do expte.6349-443).

9.- En data 24 de abril de 2025 pola Dirección Facultativa da obra emítase informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras (tte. 361 do expte. dixital, co seguinte contido:

"(...)

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado descríbense as modificacións contidas no Proxecto Modificado nº 1.

II.1. Modificacións derivadas do estado actual das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto:

A) Unha vez comezados os traballos de demolicións e a realizacións de catas nas zonas de implantación do ascensor na rúa Romil co fin de levar a cabo os traballos necesarios para realizar a cimentación prevista no proxecto (cimentación por micropilotes), detectase que o muro de contención do vial da Rúa Hispanidade coa rúa Romil atópase nun estado deficiente de estabilidade.

Ante tal situación, a empresa adxudicataria en cumprimento coas obrigas do contrato encarga un estudo de estabilidade do muro á empresa de control autorizado Enmacosa Consultoría Técnica S.A.; en dito informe conclúese que o muro NON está capacitado para soportar as accións ás que está sometido cos coeficientes de seguridade e servizo requiridos pola normativa de aplicación (ver anexo 1). Polo tanto é necesario reforzar o muro de contención para dotalo da capacidade portante necesaria, xurdindo as seguintes modificacións:

Para mellorar a capacidade portante do muro proxectase a disposición dunha subestrutura metálica por diante do fuste do muro para fixala posteriormente a un substrato competente con ancoraxes permanentes (bulóns).

En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións:

- *Capítulo 4. Estructuras.*

B) Por outra banda, una vez realizadas as catas na base do muro existente, compróbase que carece de cimentación estando apoiado directamente sobre o terreo. Para non modificar as condicións actuais e naturais de dita base de apoio, e co fin de non afectar á seguridade estrutural do muro e dos propios traballadores, é preciso desprazar as estruturas contempladas no proxecto vixente (escaleira e ascensor) a unha localización que permita executar a cimentación necesaria o máis lonxe posible do muro, de tal xeito que o movemento de terras non interfira na zona de apoio do mesmo, xurdindo as seguintes modificacións:

A cimentación do ascensor prevista en proxecto non é compatible ca sostenibilidade do muro, polo que é necesario retranquear o ascensor ata unha posición na que non exista interferencia entre ambos. Isto implicará a execución dunha pasarela de desembarco do ascensor a altura da rúa Hispanidade e a variación das cotas na saída das augas de drenaxe no foso do ascensor, aumentando a canalización prevista para adaptarse a un novo punto de entronque da rede existente na rúa Romil.

En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións:

- Capítulo 3. Cimentacións
- Capítulo 5. Cuberta e impermeabilizacións
- Capítulo 13. Rede de saneamento

Asemade, a cimentación da escaleira prevista en proxecto tampouco é compatible ca sostenibilidade do muro, polo que a súa nova localización, sumado o reducido do espazo do que se dispón, implica substituír a escaleira de formigón prevista no proxecto por un sistema estrutural metálico de menores dimensións que se poida adaptar ao novo espazo de traballo, executando as obras complementarias de reaxuste da zapata e demolición e reposición do muro da parcela colindante.

En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións:

- Capítulo 3. Cimentacións
- Capítulo 4. Estruturas.
- Capítulo 6. Albanelería e fachadas

II.2. Modificacións derivadas da aparición de redes de servizos distintas das recollidas en proxecto.

Unha vez realizadas as catas no ámbito da obra na rúa Romil detéctase unha liña eléctrica, cuxa existencia non figuraba na información facilitada pola compañía subministradora, e que discorre soterrada pola zona de afección das obras e de implantación do ascensor, sendo preciso a súa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

retirada ou retranqueo. A canalización existente vai dente o CT Atalaya ata rúa Romil atravesando a rúa Hispanidade, baixando polo muro e discorrendo soterrada pola rúa Romil, a unha altura de trazado que non libra o foso do ascensor.

A causa desta circunstancia, será necesario a execución dunha nova liña eléctrica dende o CT Atalaya ata a rúa Romil, así como a protección da nova liña ao baixar vista polo muro e as conexións precisas coa canalización existente na rúa Romil para manter a continuidade do circuíto eléctrico en uso na actualidade.

En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións:

- *Capítulo 14. Rede de alumeado e canaliz. municipal*

III. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

As citadas modificacións suscitadas, están recollidas nas circunstancias descritas no art. 204 da LCSP e no PCAP que rexe a contratación das obras, Anexo I FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC) Punto 14 MODIFICACIÓN DO CONTRATO, Apartado C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

“Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, condicións xeotécnicas ou contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.”

Tendo en conta o anterior, indicar que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente; pero nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, afectando ós seguintes capítulos:

- *Capítulo 4. Estruturas*

Polo que ditas modificacións non se axustan ó establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a dita causas obxectivas.

Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15 % do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

Respecto a xustificación da especial necesidade das devanditas modificacións, indicar que, á vista do estado das estruturas existentes, ditas modificacións son necesarias e indispensables para a execución dos elementos estruturais proxectados, garantindo ademais a seguridade do proceso construtivo, e a súa adecuación técnica.

O resto das modificacións recollidas no proxecto modificado axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.”

E do cal se extrae o seguinte resumen cuantitativo:

(...)

O conxunto de modificacións propostas neste expediente, así como as variacións de unidade do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, resúmense nas táboas seguintes en base ao exposto anteriormente:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Presupuesto		PROXECTO ORIXINAL	Modificado nº1	Diferencia	Modificación según Art. 204 de LCSP	Variaciones según Art. 242.4i de LCSP	Modificación según Art. 205 de LCSP
Código	Resumen	ImpPres	ImpPres	ImpPres	ImpPres	ImpPres	ImpPres
	HUMANIZACION AVDA HISPANIDAD						
01	DEMOLICIONES	26.468,64 €	46.779,97 €	20.311,33 €	- €	20.311,33 €	- €
02	MOVIMIENTO DE TIERRAS	22.478,90 €	55.257,86 €	32.778,96 €	- €	32.778,96 €	- €
03	CIMENTACIONES	110.863,14 €	55.523,15 €	- 55.339,99 €	- 55.339,99 €	- €	- €
04	ESTRUCTURA	49.532,79 €	232.365,57 €	182.832,78 €	63.481,68 €	- €	119.351,10 €
05	CUBIERTAS E IMPERMEABILIZACIONES	6.389,23 €	7.091,46 €	702,23 €	702,23 €		
06	ALBANILERIA Y FACHADAS	45.810,37 €	47.956,56 €	2.146,19 €	2.146,19 €		
07	PAVIMENTOS	98.746,86 €	69.716,27 €	- 29.030,59 €	- €	- 29.030,59 €	
08	CERRAJERIA Y VIDRIERIA	40.455,44 €	22.432,66 €	- 18.022,78 €	- €	- 18.022,78 €	
09	MOBILIARIO Y EQUIPAMIENTO	38.746,67 €	30.263,72 €	- 8.482,95 €	- €	- 8.482,95 €	
10	JARDINERIA	10.365,00 €	10.365,00 €	- €	- €	- €	
11	APARATOS DE ELEVACION	62.518,22 €	62.518,22 €	- €	- €	- €	
12	RED DE ABASTECIMIENTO	68.312,80 €	86.084,91 €	17.772,11 €	- €	17.772,11 €	
13	RED DE SANEAMIENTO	104.460,09 €	155.006,08 €	50.545,99 €	6.502,88 €	44.043,11 €	
14	RED ALUMBRADO Y CANALIZ. MUNICIPAL	108.052,64 €	136.463,75 €	28.411,11 €	39.511,88 €	- 11.100,77 €	- €
15	RED DE RIEGO	17.405,58 €	17.405,58 €	- €	- €	- €	
16	TELECOMUNICACIONES	21.387,63 €	12.786,26 €	- 8.601,37 €	- €	- 8.601,37 €	
17	GAS	661,50 €	661,50 €	- €	- €	- €	
18	VARIOS	14.023,80 €	14.023,80 €	- €	- €	- €	
19	GESTION Y TRATAMIENTO DE RESIDUOS	26.091,03 €	29.739,72 €	3.648,69 €	- €	3.648,69 €	
20	SEGURIDAD Y SALUD	10.075,48 €	10.075,48 €	- €	- €		
	TOTAL PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL	882.845,81 €	1.102.517,52 €	219.671,71 €	57.004,87 €	43.315,74 €	119.351,10 €
	APLICACIÓN % BAJA ADJUDICACIÓN(9,33999999%)	82.457,79 €	102.975,14 €	20.517,35 €	5.324,26 €	4.045,70 €	11.147,39 €
	TOTAL P.E.M. (a precio de adjudicación)	800.388,02 €	999.542,38 €	199.154,36 €	51.680,61 €	39.270,04 €	108.203,71 €
	13% GASTOS GENERALES	104.050,44 €	129.940,51 €	25.890,07 €	6.718,48 €	5.105,11 €	14.066,48 €
	6% BENEFICIO INDUSTRIAL	48.023,28 €	59.972,54 €	11.949,26 €	3.100,84 €	2.356,20 €	6.492,22 €
	SUMA	952.461,74 €	1.189.455,43 €	236.993,69 €	61.499,93 €	46.731,35 €	128.762,41 €
	21% IVA	200.016,97 €	249.785,64 €	49.768,67 €	12.914,99 €	9.813,57 €	27.040,11 €
	IMPORTE LIQUIDO GLOBAL CONTRACTUAL	1.152.478,71 €	1.439.241,07 €	286.762,36 €	74.414,92 €	56.544,92 €	155.802,52 €
	%INCREMENTO				6,46%	4,91%	13,52%

As variacións recollidas no presente modificado nº1 son debidas a modificacións que atenden ás circunstancias recollidas nas FEC - modificacións dos apartados II.1, II.2-, así como a variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, co seguinte resumo:

	P.E.M.	P.LIQUIDO	%
Modificación según Art.204 de LCSP	57.004,87 €	74.414,92 €	6,46
Modificación según Art.205.2.C de LCSP por introducción de precios nuevos	119.351,10 €	155.802,52 €	13,52
Variaciones según Art.242.4i de LCSP	43.315,74 €	56.544,92 €	4,91
TOTAL	219.671,71 €	286.762,36 €	

“

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- As prerrogativas da modificación dos contratos.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Da modificación dos contratos.- O artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP): as modificacións previstas no PCAP e as modificacións non previstas.

III.- Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.- Neste caso o PCAP aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión do día 8 de xuño de 2023 consta dun prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras polo procedemento aberto e dos seus anexos correspondentes, subscrito pola técnica de administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 16 de maio de 2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Por outra banda, o Anexo I: Folla de Especificacións do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato contempla no seu apartado 14.E, que na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no prego tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17.12.2020 e publicado no perfil do contratante.

IV.- As modificacións previstas.- En relación coas modificacións previstas, artigo 204 da LCSP, no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión do día 8 de xuño de 2023, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas con demolicións, movemento de terras, cimentacións, estrutura, cubertas e impermeabilizacións, albanelería e fachadas, pavimentos, cerrallería e vidrería, mobiliario e equipamento, xardinería, aparellos de elevación, rede de abastecemento, rede de saneamento, rede de alumeado e canalización municipal, rede de rego, telecomunicacións, gas, xestión e tratamento de residuos e seguridade e saúde.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, condicións xeotécnicas ou contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

- A orde da Autoridade Responsable para adoptar medidas correctoras para garantir o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e os mecanismos establecidos para o seu control, así como o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas pola aplicación do principio de non causar un dano significativo e as consecuencias en caso de incumprimento.
- Límites da modificación: 20% sobre o prezo do contrato.

De acordo co informe técnico da dirección facultativa no seu apartado II, tanto os aspectos a modificar – *as unidades de obra relacionadas con Cimentacións, Estruturas, Cuberta e Impermeabilizacións, Albanelería e fachadas, Rede de saneamento e Rede de alumeado e canaliz. Municipal*- como as circunstancias que determinan a modificación – *Estado actual das estruturas e contencións existentes e Aparición de redes de servizos, distintas das recollidas en proxecto* – teñen o seu encaixe no apartado 14 das FEC.

En canto ao límite da modificación, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de **74.414,92 euros, supoñendo o 6,46% do prezo do contrato.**

Polo que podemos concluír que a proposta de modificación contemplada no apartado II.1 – *Modificacións derivadas do estado actual das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto*- e II.2- *Modificacións derivadas da aparición de redes de servizos distintas das recollidas en proxecto*- está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP.

V. As modificacións non previstas.- En relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran os seguintes:

- cando as modificacións no sexan substanciais.(art.205.2.c da LCSP). Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

- 1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

No caso que nos ocupa, aínda que as modificacións descritas no apartado II.1, tanto no referente aos aspectos a modificar como as circunstancias que determinan a modificación, teñen o seu encaixe no apartado 6 das FEC, nalgúns casos é necesario á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e limítanse a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a ditas causas obxectivas, atopándose polo tanto contempladas nos supostos do artigo 205.2.c) da LCSP, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa no seu apartado III PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, que indica o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

“(...) indicar que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente; pero nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, afectando ós seguintes capítulos:

- *Capítulo 4. Estruturas*

Polo que ditas modificacións non se axustan ó establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a dita causas obxectivas.

Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15 % do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado “

Respecto a xustificación da súa especial necesidade e e razóns polas que ditas prestacións non se incluíron no contrato inicial, cabe dicir que:

“(...) Respecto a xustificación da especial necesidade das devanditas modificacións, indicar que, á vista do estado das estruturas existentes, ditas modificacións son necesarias e indispensables para a execución dos elementos estruturais proxectados, garantindo ademais a seguridade do proceso construtivo, e a súa adecuación técnica”.

Estas modificacións propostas supoñen a introdución de novas unidades de obra non previstas no contrato que representan un **13,55%** do orzamento inicial do contrato. Así mesmo, as modificacións non previstas ascenden a un total de **155.802,52 euros**, supoñendo o **13,55%** do prezo do contrato, tal e como se extrae das seguintes táboas adxuntas:

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais - xa que a obra resultante coas modificacións descritas non require clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obras novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato-, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do

PRECIOS NUEVOS SEGUN ART.205 DE LDSP					
CÓDIGO	UNIDAD	DESCRIPCIÓN	MEDICIÓN	PRECIO	IMPORTE
BULON01	ML	BULON ACTIVO DE 32	85	367,76 €	31.259,60 €
BULON02	ML	BULON ACTIVO DE 40	60	413,75 €	24.825,00 €
INYECCION	KG	INYECCION CEMENTO	8200	3,03 €	24.846,00 €
PRECORTE	UD	PRECORTE 30CM	10	953,05 €	9.530,50 €
DESPLAZAMIENTO	UD	DESPLAZAMIENTO Y RETIRADA EQUIPOS BULONADO	1	5.980,00 €	5.980,00 €
SUBESTRUCTURA	kg	SUBESTRUCTURA DE ACERO PARA COSIDO DE BULONES	5800	3,95 €	22.910,00 €
IMPORTE TOTAL UNIDADES NOVAS					119.351,10 €
P.E.M. PROXECTO ORIXINAL					882.845,79 €
PORCENTAXE (%) DE IMPORTE TOTAL DE UNIDADES NOVAS					13,52%

contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

Polo que podemos concluír que parte da proposta de modificación contemplada no apartado II.1 que obriga a introdución de novos prezos unitarios no previstos no contrato, afectando unicamente ao Capítulo 04. Estruturas, está comprendida nos supostos do artigo 205.2c) da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

VI.- O interese público das modificacións propostas - A dirección facultativa argumenta no seu informe técnico, no apartado VIII CONCLUSIÓN, as razóns de interese público das modificacións propostas ao sinalar o seguinte:

“(…)

As modificacións propostas no presente Proxecto Modificado N.º1 das obras de “VIGO VERTICAL- HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público, xa que permiten levar a bo termo, en condicións axeitadas de seguridade e accesibilidade, a execución da obra proxectada que posibilita a renovación dun espazo público de uso intensivo debido a súa localización céntrica na cidade, solucionando o problema de mobilidade peonil entre as rúas Hispanidades e a rúa Romil (que presentan un gran desnivel entre ambas) mediante a disposición dun ascensor e escaleiras que facilitan unha aproximación accesible e inclusiva para todos os cidadáns, e asegurando o abastecemento de enerxía eléctrica en condicións de seguridade, coa mínima afección aos usuarios e residentes da contorna..”

VII.- Ampliación do prazo de execución do contrato.- O PCAP que rexe o presente contrato recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.

Asemade, o devandito PCAP establece no apartado 4 das FEC, un prazo de execución das obras de 8 meses, contados dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo (27.02.2024).

Tendo en conta a ampliación do prazo de dous (2) meses aprobada por resolución do concelleiro da Área de Fomento, Deportes e Servizos asinada o día 01.10.2024, e a acta de paralización da execución das obras asinada en data 20.12.2024, o prazo de execución da obras atópase vixente, polo que en consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por catro (4) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa.

VIII.- Procedemento para a modificación dos contratos- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

- 1 Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- 2 Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
- 3 Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.

2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciárase coas seguintes actuacións:
 - a Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que, no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo

adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, non é necesario remitir copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, xa que a contía do contrato non excede de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

XIX.- Do reaxuste da garantía definitiva- O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimentase variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

X.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa de data 24.04.2025, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 14 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 31.07.2024, en virtude dos Decretos de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 22 de xuño de 2023, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia aos redactores do proxecto, consta audiencia e a conformidade expresa ao proxecto modificado, asinada o día 15.04.2025, por D. Santiago



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

González García, Dña. Paula Costoya Carro e Dña. Mónica Fernandez Garrido, en representación de Naos 04 Arquitectos, S.L.P.. (ttes. 351, 356, e 357 do expediente dixital).

Por outra banda, respecto ao redactor D. Miguel Porras Gestido, consta o trámite de audiencia realizado o día 16.04.2025 sen que formulara, no prazo concedido, oposición á solicitude de modificación do proxecto nin alegacións ao respecto. (ttes. 356, 358 e 359 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre o proxecto modificado, as modificacións propostas e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 11.04.2025. (ttes. 350, 354 e 355 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal de data 07.05.2025. (tte. 362 do expediente dixital)

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que o prezo inicial do contrato non supera a contía de 6.000.000 euros, nin as modificacións non previstas superan o 20% do prezo inicial do contrato

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal

- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

XI.- Réxime de recursos.- Este contrato non está suxeito a regulación harmonizada nin supera a contía de 3.000.000 €, polo que contra este acordo que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo ou con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición (artigo 44 e 191.4 da LCSP).

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

XII.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “VIGO VERTICAL- HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN” NO MARCO DO PRTR redactado pola dirección Facultativa da obra D. Alfonso Berros Pérez e a Dna. Cristina Mª Amaro Area, cun orzamento total que ascende a 1.439.241,07 €, o que supón un importe líquido adicional de **286.762,36 €**, dos cales un 6,46% (74.414,92 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas previstas no artigo 204 da LCSP e un 13,52 % (155.802,52 €) a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP. Asemade inclúese un 4,91% (56.544,92 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 1539 6090068 do vixente orzamento por importe de 286.762,36 €.

3º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en CATRO (4) MESES, de acordo co novo programa de traballo incluído no proxecto modificado nº1 das obras de “VIGO VERTICAL- HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN” NO MARCO DO PRTR.

4º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato, no prazo de 15 días contados dende a data de notificación do acordo de modificación consoante ao disposto no artigo 109.3 da LCSP.

5º.- Instar á mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A70319678), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

6º.- Proceder a publicación dos anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 da LCSP e no Portal de Transparencia no termos do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

7º.- Notifícase o presente acordo, que esgota a vía administrativa, aos interesados, e que contra o mesmo, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou dita Resolución, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(431).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 10115/336.

Visto o informe xurídico do 09/05/2025 e o informe de fiscalización do 02/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2025, asinado pola técnica do servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o presente ano.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira aínda que provisoonalmente trasladarase ao Torreiro de Festas de Fragoselo (Coruxo) adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.04 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

Que a presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Suvencións para o periodo 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai doce anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre.

Por todo elo proponse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización durante o ano **2025**. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio co CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 28.000 € a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF: G36627495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 14.000 € correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Ordear a publicación da concesión da subvención na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL "O CUCO DE CORUXO"

En Vigo, a data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona **YOLANDA AGUIAR CASTRO** na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL, TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, Dña. **ANA ROSA PÉREZ COMESAÑA**, con DNI: ***1888** como presidenta da **ASOCIACIÓN CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO** (en adiante A ASOCIACIÓN), CIF G36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 9883/336

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de dinamización infantil que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 da lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en

todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

III.- *Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de do programa de Dinamización Infantil proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

IV.- *Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.04, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **28.000** euros, a favor da ASOCIACIÓN*

V.- *Que a ASOCIACIÓN non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 9883/336.*

VI.- *A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Suvencións para o periodo 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.*

VII.- *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento da o programa de dinamización infantil "O CUCO DE CORUXO" co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.*
- 2.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 13 anos , no Torreiro de Festas de Fragoselo (Coruxo), de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas de luns a venres, tódolos meses do ano, excepto agosto que permanecerá pechada. En vacacións escolares o horario será de 9:30 a 13:30 h.*
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.*
- 4.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.*
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*
- 6.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.*
- 7.- Mensualmente entregará ao Servizo de Xuventude a programación das actividades a desenvolver, así como un informe en formato dixital da evolución do servizo e traballo realizado no que deberá incluír:*
 - Número de altas e baixas de usuarios e usuarias (sexo, idade e código postal).*
 - Actividades realizadas, incluíndo o número de participantes en cada unha delas, así como fotografías das mesmas.**Estes informes deberán ser entregados dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á realización das actividades.*
- 8.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.*

*Pola súa banda, o **Concello de Vigo**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:*

1.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

*2- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano **2025**.*

TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

*O presente convenio enténdese vixente e surte efectos **desde o 21 de novembro de 2024 ao 14 de novembro de 2025**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.*

O presente convenio non será prorrogable.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 28.500 (VINTEOITI MIL CINCOCENTOS).

*O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **28.000,00 € (vinteoito mil euros)**.*

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.04 Dinamización Infantil C.R.A.C. de Coruxo do vixente presuposto municipal.

QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e identidade sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

*O prazo de xustificación **finalizará o 14 de novembro de 2025**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).*

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

*a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*

*b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:*

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integralmente en idioma galego.

OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria

Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.04.

- *A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).*
- *O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

*Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2024 e o 14 de novembro de 2025**. O IVE soportado, que deberá constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.*

Serán gastos directos subvencionables os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.*
- b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.*
- c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades*
- d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.*

*En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda*

e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

- 1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.*
- 2. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.*
- 3. Someterse ás actuación de comprobación e facilitar tanta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.*
- 4. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

5. *Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.*
6. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
7. *Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*
8. *A ASOCIACIÓN será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao COVID-19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.*

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedente da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha da seguintes causas:

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
- 2. Acordo unánime de todos os asinantes.*
- 3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*
- 4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*
- 5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.*

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

18(432).- PROXECTO DE CONVENIO COA DIÓCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA GRATUÍTA E TEMPORAL DO ESPAZO DA “CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE SAN PAIO DE NAVIA”. EXPTE. 10125/336.

Visto o informe xurídico do 05/06/2025 e o informe de fiscalización do 09/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/06/2025, asinado pola técnica do servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES XURÍDICOS.-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias pódase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

FINALIDADE.-

- Constitúe o **obxecto do convenio** de colaboración a cesión de uso gratuíta, temporal e compartida, por parte da Diocese de Vigo-Tui á Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, do espazo coñecido como **Casa rectoral da Parroquia de San Paio de Navia, ubicado na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**

- O Concello de Vigo ofrece dende fai anos un programa conformado por unha serie de campamentos urbanos que se desenvolven en diferentes puntos da cidade e cuio obxectivo principal é a conciliación familiar, e que conforman o Programa Verán Xove.

- Os campamentos se realizan en diferentes ubicacións co fin de facilitar a participación dos e das menores de todo o municipio. Os/as participantes

comprenden idades dende os 4 e ata os 17 anos de idade e na maioría dos campamentos se desenvolven actividades de ocio e tempo libre, lúdicas e de carácter deportivo.

- Dentro da oferta de campamentos está o CAMPAMENTO DE SAMIL que se realiza nas instalacións deportivas ubicadas ao final da avenida de Samil.

- Estos campamentos de verán SAMIL se desenvolverán en 5 quendas dende o 25 de xuño e ata o 29 de agosto de 2025 en horario intensivo de mañán dende as 7,45hs ata as 15,15hs. A ubicación principal deste campamento son as instalacións deportivas municipais de Samil que por mor de circunstancias sobrevenidas e inexcusables do Servizo de Deportes do Concello, deberán pecharse durante 15 días ao longo deste verán. En consecuencia vémonos na necesidade de reubicar durante eses datas esta actividade.

- A Casa Parroquial a través da Diócese de Tui Vigo cede voluntariamente nesta ocasión e para este fin ou outras necesidades de espazo que poidan xurdir no desenrolo dos programas de Xuventude, unha parte dos seus espazos da planta baixa da casa rectoral e os xardíns que a conforman, co fin de realizar nela parte do desenrolo dos campamentos de verán SAMIL 2025.

- A Concelleira-delegada de Turismo e Xuventude indica que por parte do servizo de Xuventude se inicie a xestión da conveniencia dun convenio de colaboración entre a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo e a Diócese de Vigo-Tui para a colaboración temporal na cesión do espazo da **Casa rectoral da Parroquia de San Paio de Navia, ubicado na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**, co fin de instalar nese espazo, de xeito temporal e gratuíto, as actividades de ocio e tempo libre de conciliación familiar da Concellería de Xuventude que precisen de espazos fora do centro urbano.

- Unha vez consultadas as posibilidades deste espazo co Bispado, este nos comunica a súa intención favorable de cesión temporal da planta baixa e exteriores de dito local para estes usos.

- Visitado o espazo por parte deste servizo, considérase que reúne os requisitos de localización i espazo mínimos para instalar temporalmente os servizos de dinamización infantil mencionados que favorezan a conciliación familiar.

- Co fin de formalizar esta colaboración elabórase un borrador do posible convenio que establece as bases de dita colaboración.

- Por parte do Bispado, remiten documento coa delegación da representación da Diocese de Tui/Vigo na persoa de D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO, ECÓNOMO DIOCESANO con DNI: ***9825**.

Relación de necesidades.

a) Consideramos a **urxencia desta tramitación** pola intención de resolver na maior brevidade posible, a reubicación temporal dunhas actividades de ocio e tempo libre da Concellería de Xuventude. Non existindo ademais ningún outro programa que organice estas actividades, de carácter municipal na cidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

b) Relaciónanse os elementos necesarios para a óptima instalación do espazo para o desenvolvemento destas actividades:

- Espazo/s para mesas e cadeiras. Neste espazo desenrolaranse as actividades principais sendo o cupo máximo de participantes de 50 nenos/as/día.
- Espazo recepción dos e das menores.
- Servizos sanitarios.

- A participación neste Convenio de colaboración enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción da cultura e de ocupación de tempo libre”. O Concello de Vigo desexa dar o máximo rendemento social posible aos seus centros e instalacións culturais.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo co BISPADO DA DIÓCESE DE TUI VIGO, para a reubicación TEMPORAL á **Casa rectoral da Parroquia de San Paio de Navia, ubicado na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**, das actividades de conciliación familiar de Samil dentro do Programa Verán Xove 2025, que consta anexado como borrador no presente expte 10.125-336.

SEGUNDO: Aprobar a reubicación temporal das actividades de conciliación familiar de Samil dentro do Programa Verán Xove 2025, co fin de darlle continuidade na maior brevidade posible, a un servizo que é referencia municipal no eido da conciliación familiar no municipio de Vigo.

TERCEIRO: Facultar á Dna. YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, para asinar o citado convenio”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA “CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE SAN PAIO DE NAVIA”.

REUNIDOS

DUNHA PARTE, **YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo,** (*Decreto de Alcaldía de data 28.06.2024, de corrección da estrutura da administración municipal (2023-2027) sobre a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 referida a ESTRUCTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027)*).

E DOUTRA, **D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO, ECÓNOMO DIOCESANO,** con DNI: ***9825** actuando na súa condición de Ecónomo Diocesano da Parroquia de Santa María de Vigo e representante da Diócese de Tui-Vigo,

E, a **Secretaría de Administración Municipal,** da fe do acto

MANIFESTAN

1.- Que a Diocese católica de Tui-Vigo é titular en pleno dominio e libre de cargas e gravames do edificio coñecido como **Casa Rectoral da parroquia de San Paio de Navia,** situado **na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**

2.- Que o Concello de Vigo, en desenvolvemento da lexislación de réxime local, como entidade pública local de carácter territorial asumiu competencias relativas a servizos culturais e de ocupación do tempo libre, materia na que o municipio poden asumir competencias a tenor do disposto nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 80.2.n da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

3.- Que o Concello de Vigo ofrece un servizo dirixido as familias da nosa cidade denominado Programa Verán Xove, conformado por unha serie de campamentos urbanos e que vai destinado a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental deste espazo é a conciliación familiar e son actividades de carácter lúdico e de ocio durante a tempada estival desenvolvidas en diversos lugares da cidade co fin de favorecer a participación dos e das menores vigueses dende diferentes puntos da parroquia.

Ademais, dende a Concellería de Xuventude se pretenden desenvolver no término de Navia programas de dinamización infantil fora da época estival o que motiva que se formalice un convenio de mutuo acordo cunha duración mais alá da época estival.

4.- Que o Programa Verán Xove 2025 precisa para o seu desenvolvemento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

adequado ás circunstancias un espazo alternativo para as actividades de verán de Samil por mor da imposibilidade da apertura das instalacións deportivas municipais.

5.- Que para o adecuado desenvolto do servizo son necesarios como mínimo os seguintes espazos:

- Espazo/s para mesas e cadeiras e almacenamento dos xoguetes, neste espazo desenrolaranse as actividades para un cupo máximo de 50 participantes diario.
- Espazo recepción dos e das menores.
- Servizo sanitario.
- Servizos de electricidade, agua.

Ao efecto as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente e,

ACORDAN

PRIMEIRO: OBXECTO E FINALIDADE.

- Constitúe o obxecto do presente convenio a cesión temporal e gratuíta compartida do espazo da Casa Rectoral da parroquia de San Paio de Navia, conformado pola planta baixa e xardíns exteriores, entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo co fin de ubicar de xeito temporal o servizo do espazo de dinamización infantil do Programa Verán Xove 2025 da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

- O Bispado da Diocese de Tui-Vigo cédelle ao Concello de Vigo o uso do inmovible situado **na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**, para destinalo aos fins manifestados no parágrafo anterior.

SEGUNDO: USOS COMPARTIDOS

- Os citados usos compartiranse coa Igrexa para a atención das necesidades parroquiais que se detallan de seguido:

a) O Concello disporá do pleno uso e desfrute da **planta baixa da Casa Rectoral** en todo o seu volume habitable ademais dos xardíns exteriores pertencentes á Diocese, durante os días lectivos dos meses que comprenda a duración establecida do presente convenio e segundo as necesidades de servizo da Concellería de Xuventude, sempre que sexan actividades promovidas e xestionadas dende a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

b) Durante as fins de semana e días festivos a Igrexa disporá da Casa Rectoral que precise para as actividades parroquiais que así o demanden ou lle sexan requeridas.

TERCEIRO: DURACIÓN

- A duración do presente convenio estipúlase por un prazo de 6 meses dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo** nas

condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.

CUARTO: COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO E DA DIOCESE DE TUI-VIGO NO DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN.

- Con arranxo á referida colaboración, o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude, comprométese a usar os espazos cedidos exclusivamente ao fin mencionado no presente convenio.

- A Diocese de Tui-Vigo comprométese a que o edificio reúne as condicións de salubridade e seguridade adecuadas para o desenvolvemento da actividade .

- O Concello de Vigo, unha vez posto en funcionamento o presente convenio, asumirá a xestión do adecentamento dos xardíns exteriores da Casa parroquial de San Paio de Navia durante a vixencia do presente convenio.

Este compromiso ou os que poidan considerarse, poderán ser actualizados e ampliados, previo acordo de ambas partes, nas posibles prórrogas que se poidan realizar a posteriori.

- Así mesmo e de cara ao seu uso en futuras prórrogas poderán valorarse, de ser necesarias segundo informes técnicos de Urbanismo municipal, actuacións de adaptacións e pequenas obras co fin de garantir u uso e desfrute adecuado das instalacións para todos/as os/as usuarios/as.

- En todo caso o destino do inmovble acomodarse unicamente para aqueles usos e servizos públicos permitidos pola normativa de aplicación.

QUINTO: CONDICIÓNs DA CESIÓN DO ESPAZO E OS EQUIPAMENTOS.

A cesión de uso dos espazos someterase ás seguintes condicións:

- O Concello de Vigo deberá adoptar as medidas pertinentes para garantir a conservación, mantemento e demais actuacións que requiran o correcto uso e utilización do espazo obxecto de cesión. (Cláusula cuarta)
- O Concello de Vigo responderá dos danos que puidesen ocasionarse por un uso inadecuado das instalacións utilizados en virtude do presente Convenio, así como da responsabilidade civil derivada do uso dos mesmos e da actividade levada a cabo polo seu propio persoal.

SEXTO: RESOLUCIÓN E DESISTENCIA.

- Son causas de resolución do presente Convenio, en función do establecido no art. 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen haberse acordado a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

prórroga do mesmo.

- O mutuo acordo das partes asinantes, manifestado por escrito.
- O incumprimento dalgunha das partes das súas obrigacións nun período de trinta días a partir da notificación escrita pola outra parte, neste caso pode resolver unilateralmente o presente Convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación vixente.

SÉTIMO: NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN APLICABLE AO CONVENIO.

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias pódase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

OITAVO: EFICACIA.

- O presente Convenio será eficaz dende a firma do mesmo polas partes.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes subscriben o presente acordo no lugar e data que constan ao comezo deste documento.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación da contratación do patrocinio publicitario para o proxecto “Faro Educa 2025” organizado polo Faro de Vigo, S.A.U. Expte. 20585/101.
- .- Adxudicación da contratación da artista “Rozalén” dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2025. Expte. 10427/335.
- .- Adxudicación do contrato de obras de substitución de cuberta e reparación de fachadas do CEP Celso Emilio Ferreiro por tramitación de emerxencia. Expte 99027/332.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

19(433).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO “FARO EDUCA 2025” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO, S.A.U. EXPTE. 20585/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/06/2025 sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario do proxecto "Faro Educa 2025" (20585-101) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto "FARO EDUCA 2025".

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía con data 30 de abril de 2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área do Servizo de Contratación, con data 2 de xuño de 2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 92.805,79 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade."

Segundo.- O 6 de xuño de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, SAU.

Terceiro.- O 9 de xuño de 2025 FARO DE VIGO, SAU, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 10 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a do Departamento Administrativo de Alcaldía

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación xa que *“non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada .”*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de FARO DE VIGO, SAU, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, FARO DE VIGO, SAU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 10 de xuño de 2025 de apertura dos sobres A e B.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO, SAU o procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario do proxecto “Faro Educa 2025” (20585-101) por un prezo total de 112.295,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.489,21 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(434).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ARTISTA “ROZALÉN” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025. EXPTE. 10427/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Rozalen” (10427-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “ROZALEN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 153.670,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 127.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 30 de maio de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL.

Terceiro.- O 10 de xuño de 2025 GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 11 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma”.*

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración."

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 11 de xuño de 2025 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Rozalen” (10427-335) por un prezo total de 153.670,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.670,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(435).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E REPARACIÓN DE FACHADAS DO CEP CELSO EMILIO FERREIRO POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE 99027/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe proposta de data 12/06/2025 da Xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos conformado pola concelleira de Área de seguridade, Contratación, Seguridade e Xestión Municipal da mesma data, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Plan de Emerxencia Municipal do Concello de Vigo (PEMU)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 24 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo (expediente 62.788-332). Este contrato foi adxudicado polo citado órgano de contratación á U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L. (UTE S-I MANTENIMIENTO COLEGIOS VIGO”), o 20 de maio de 2024 e formalizouse o día 17 de xuño do mesmo ano.

Segundo.- O citado contratista, en data 27 de marzo de 2025, informa ao responsable do contrato, do mal estado da cuberta do edificio do Centro de Educación Primaria Celso Emilio Ferreiro, que xera un risco potencial para a integridade da estrutura e para a seguridade dos usuarios do edificio:

“El estado de la cubierta compromete la funcionalidad y seguridad del edificio, ya que no garantiza la estanqueidad ni el aislamiento térmico adecuados. Las intervenciones de mantenimiento preventivo o correctivo no resultan eficaces para solventar los problemas detectados.

Por tanto, se concluye que la intervención necesaria no puede considerarse una actuación de mantenimiento, sino que requiere una obra de sustitución integral de la cubierta, que debe ser abordada como un proyecto específico de rehabilitación.

Desde el punto de vista técnico, se recomienda la sustitución completa de la cubierta del CEIP Celso Emilio Ferreiro. Esta actuación garantizará la seguridad estructural del edificio, el confort térmico e impermeabilidad y la correcta prestación del servicio educativo, sin interrupciones.”

Terceiro.- O servizo de Educación, en data 8 de abril de 2025, á vista da gravidade da situación descrita, e considerando que a substitución da actual cuberta sobrepasa as competencias municipais de conservación, mantemento e vixilancia que outorga a lexislación vixente aos municipios en materia educativa (artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), deu traslado do mesmo á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia en Pontevedra, solicitándolle que á maior brevidade posible proceda á substitución completa da cuberta existente, para garantir así a seguridade estrutural do edificio, o confort técnico, a impermeabilidade e a correcta prestación do servizo educativo (expediente 98885-332).

Cuarto.- En data 29 de abril de 2025, á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional responde á solicitude remitida polo Concello de Vigo, e achega informe do arquitecto do Servizo da Unidade Técnica do 21/04/2025 no que di:

“• A partir da documentación aportada constátase o deficiente estado de conservación da vertente Norte da cuberta do edificio principal, na que medra abundante vexetación e con algunhas tellas desprazadas ou rotas. Polo xeral, este estado de conservación está vencellado principalmente á falta de labores de mantemento periódico.

• Nas tarefas básicas de mantemento das cubertas de tella se inclúe a limpeza anual de vexetación e materiais acumulados. Non realizalas permite que as

raíces medren facendo que as tellas se despeguen do soporte, ademais de acelerar o deterioro prematuro cuberta e supoñer sobrecustes en posteriores reparacións ou actuacións de maior envergadura.

- (...)

- A documentación achegada só se detalla o deficiente estado de conservación de parte da cuberta, sen realizar un estudo detallado na súa totalidade, polo que non xustifica suficientemente a necesidade da súa substitución integral.

- A falta doutra xustificación, o estado que presenta actualmente a cuberta e as deficiencias detectadas están principalmente vencelladas coa súa falta de mantemento periódico.

- Mentres non se interveña na cuberta, deberá adoptar as medidas urxentes de seguridade necesarias

O informe reflicte de forma exhaustiva e concluínte a falta de mantemento como motivo do actual deterioro da cuberta, así como a necesidade urxente de executar as reparacións e adoptar as medidas que permitan o uso seguro e axeitado do CEP Celso Emilio Ferreiro no exercicio das competencias que lle corresponden ao Concello de Vigo como administración titular das instalacións. (...) En consecuencia, reitérolle a necesidade de atender puntualmente os labores de mantemento e conservación dos centros educativos de competencia municipal para garantir nas condicións técnicas esixibles a correcta prestación do servizo público educativo.”

Quinto.- Tendo en conta as circunstancias descritas nos antecedentes anteriores, a concelleira delegada de Educación, en data 22 de maio de 2025, resolveu adxudicar un contrato de obras menor para a instalación dun sistema de protección anticaída de tellas no citado colexio (expediente 98970-332):

“1. Aprobar a Memoria Valorada das obras de Colocación urxente de sistema de protección anticaída de tellas no edificio principal do CEP Celso Emilio Ferreiro, de data 15/05/2025.

2. Adxudicar á empresa ACM INTERIORES SL, con CIF B36770576, o contrato menor para a Colocación urxente de sistema de protección anticaída de tellas no edificio principal do CEP Celso Emilio Ferreiro, conforme as condicións seguintes:

Prezo IVE incluído: 6.679,20 euros.

Prazo de duración/execución: 10 días.

Forma de pago do prezo: Mediante a presentación dunha única factura, á finalización da prestación, expedida pola entidade e conformada pola responsable do contrato.

3. Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto nos artigos 184 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 6.679,20 euros, con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal v vixente.

Programa	Económica	Proxecto	Importe	Descrición	
3230	2120000	6.679,20	REPARACIONES	E	MANTEMENTO
EDIFICIOS DOS COLEXIOS					



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

4. Nomear como persoa responsable do contrato ao encargado da Oficina Técnica de Educación.
5. Notificar a resolución adoptada á empresa interesada”.

Sexto.- Ante a inquietude manifestada pola comunidade educativa do CEP Celso Emilio Ferreiro, a Tenente de Alcalde e concelleira da área de Fondos EU, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2024, publicado no BOPPO nº 134 de 10/07/2024), en data 4 de xuño de 2025, resolveu adxudicar un contrato de servizos urxente para realizar un estudo de patoloxías da cuberta do citado colexio (expediente 99013-332):

1. *“Declarar a urxencia na tramitación do expediente do contrato menor para a asistencia técnica para a realización dun estudo das patoloxías da cuberta e fachadas do CEP Celso Emilio Ferreiro.*
2. *Adxudicar á empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA, con CIF A27812627, o contrato menor para a Contratación urxente da asistencia técnica para a realización dun estudo das patoloxías da cuberta e fachadas do edificio do CEP Celso Emilio Ferreiro, conforme as condicións seguintes:
Prezo IVE incluído: 18.137,90 euros.
Prazo de duración/execución: 21 días.
Forma de pago do prezo: Mediante a presentación dunha única factura, á finalización da prestación, expedida pola entidade e conformada pola responsable do contrato.*
3. *Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto nos artigos 184 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 18.137,90 euros, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente.*

Programa	Económica	Proxecto	Importe	Descrición
3230	2270604	18.137,90	ESTUDOS E TRAB. TECNICOS	

4. Nomear como persoa responsable do contrato á xefa do Servizo de Educación.
5. Notificar a resolución adoptada á empresa interesada”.

Sétimo.- En data 5 de xuño 2025, ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA remite unha primeira valoración dos traballos realizados, tras a inspección previa realizada, na que conclúen que:

“o estado patolóxico da cuberta é severo, a nivel de revestimentos de cuberta e a nivel de estrutura portante da mesma. Detectáronse indicios de deslizamentos das placas de fibrocemento augas abaixo. Detectáronse indicios de deslizamentos do material de cubrición (tella cerámica curva) augas abaixo. O material de cubrición non conta con fixacións mecánicas (ganchos) que solidaricen as pezas entre elas e confía a súa estabilidade a xuntas amortecidas. Hay infinidade de pezas soltas, moitas no bordo do aleiro. As correas entre palomeiros manifestan a simple vista frechas inasumibles de cara a un correcto comportamento estrutural. Os tabiques palomeiros manifestan múltiples patoloxías: roturas con desprazamento lateral na base dos tabiques (xeneralizadas moi probablemente polo efecto

dos esforzos laterais - vento e a ausencia de elementos rixidizadores no plano transversal), fisuras de acompañamento na deformación do forxado (flexión); rotura de dinteis nos ocos de paso.

(...)

“o estado patolóxico da fachada é severo. Obsérvanse incidencias en canto á resolución de dinteis, algúns puntos foron “reforzados” con novos dinteis metálicos. Moitos elementos presentan fisuración que pode desencadear na caída de cascotes. Os resultados do golpeo realizado ata o momento sobre o morteiro monocapa evidencian múltiples zonas desprendidas do soporte (con risco evidente de caída de cascotes, durante o ensaio de golpeo xa se procedeu a retirar algunha zona especialmente comprometida).”

De cara a garantir as condicións de seguridade das persoas usuarias deste centro educativo o contratista indica a necesidade de *“restrinxir de forma inmediata o acceso na totalidade do perímetro do inmovible, mediante a instalación de valados provisionais, a unha distancia a fachada non inferior a 4 m., en tanto non se realicen os traballos de emenda de deficiencias necesarios” e “habilitar as zonas de acceso necesarias para o desenvolvemento normal da actividade educativa, mediante a instalación de marquesiñas de acceso que conformen unha protección efectiva ante a potencial caída de material desde o plano de cuberta e/ou fachada.”*

Oitavo.- Á vista do informe técnico de EMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA citado no antecedente anterior, a concelleira da área de Fondos EU, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, en data 6 de xuño de 2025, resolveu adxudicar un contrato menor de obras para a instalación de valados provisionais e marquesiñas de acceso para garantir a seguridade dos usuarios do colexio (expediente 99023-332):

- 1. “Declarar a urxencia na tramitación do expediente do contrato menor para a instalación de valados provisionais e marquesiñas de acceso para garantir a seguridade dos usuarios no recinto do do CEP Celso Emilio Ferreiro.*
- 2. Adxudicar á empresa ORECO BALGON S A, con CIF A36614691, o contrato menor para a Contratación urxente da instalación de valados provisionais e marquesiñas de acceso para garantir a seguridade no recinto escolar do CEP Celso Emilio Ferreiro, conforme as condicións seguintes:*

Prezo IVE incluído: 9.855,45 euros.

Prazo de duración/execución: 2 días.

Forma de pago do prezo: Mediante a presentación dunha única factura, á finalización da prestación, expedida pola entidade e conformada pola responsable do contrato.

- 3. Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto nos artigos 184 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 9.855,45 euros, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Programa	Económica	Proxecto	Importe	Descrición
3230	2100000	9.855,45	TERREOS	CONSERVACION E MANTEMENTO

4. Nomear como persoa responsable do contrato ao encargado da Oficina Técnica de Educación.
5. Notificar a resolución adoptada á empresa interesada”.

Noveno.- A empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA, presenta en data 10 de xuño de 2025 o “Estudo de patoloxía en cuberta e fachadas no C.E.P. Celso Emilio Ferreiro”. No mesmo infórmase que:

“La cubierta del inmueble presente múltiples y severos indicios patológicos en prácticamente todos sus elementos, que se desgranar en los puntos a continuación.”

“Se detectan innumerables piezas sueltas en el material de cubrición, totalmente desprendidas del soporte, confiando su estabilidad al propio rozamiento con el resto de elementos.

Se detectan innumerables piezas rotas, cuyos fragmentos reposan igualmente sobre las placas de fibrocemento o sobre otros elementos del tejado.

Se localizan varios puntos con faltas en el material de cubrición (falta de tejas), que o bien han sido retiradas o se han precipitado ya al suelo.

Se observan indicios de deslizamiento aguas abajo de hiladas completas del material de cubrición (alineaciones completas de tejas, desde el alero hasta la cumbrera).” (achega fotos)

“Se lleva a cabo la toma de dos muestras de fibrocemento para su análisis, (...) concluyéndose resultado positivo en amianto para ambas muestras (Crisotilo y Crocidolita).

Se detectan algunas piezas rotas, que manifiestan fisuras en el sentido longitudinal de la pieza, evidenciando movimientos a nivel de soporte resistente.

Se observan incidencias relacionadas con los elementos de fijación de placas (herrajes metálicos – ganchos): ganchos sueltos, ganchos deformados por acciones mecánicas o movimientos. Se observa cierta insuficiencia en el número de fijaciones de algunas piezas, especialmente los tramos más pequeños, solapados cerca de la línea de cumbrera (se observan piezas que cuentan únicamente con un punto de fijación).

Se observan indicios de deslizamiento aguas abajo de algunas de las placas de fibrocemento instaladas.”

“Las correas de hormigón presentan niveles de deformación por flecha incompatibles con el adecuado comportamiento estructural. Se miden deformaciones que alcanzan los 35 mm. De flecha, en luces de 4.20 m.”

“Los tabiques que conforman el sistema de formación de pendientes manifiestan, de forma generalizada, múltiples fisuras y evidencias de un comportamiento estructural totalmente anómalo.

Se detectan multitud de fisuras de directriz horizontal en la base de los tabiques, con desplazamientos laterales en varios puntos. La disposición de tabiques en una sola dirección, sin ningún elemento arriostrante en sentido transversal, conforma un sistema estructural inestable,(...)”

“Se detectan igualmente multitud de fisuras de directriz vertical, sobre las aberturas de paso resueltas en los tabiques, consecuencia de la ausencia de elementos conformando un dintel sobre el hueco.”

Respecto dos cerramentos de fachada, informase que “Existen varios puntos en los que se ha producido el desprendimiento del material de revestimiento (mortero monocapa acabado árido). (...) El ensayo de golpeteo evidencia la existencia de zonas desprendidas del soporte, que se mantienen en su posición única y exclusivamente por la propia cohesión del mortero. Se estima que la patología se puede extender en torno a un 20% de la superficie total del revestimiento.”

“Parte de los dinteles resueltos sobre los huecos de carpintería exterior evidencian fisuras (...)

En cualquier caso, generan zonas fracturadas en el propio dintel y en el revestimiento de fachada, susceptibles de generar la caída de cascotes.”

A maiores destas patoloxías recóllense outras relativas a falsos teitos, posibles movementos a nivel de cimentación, peches perimetrais, condicións xerais da estrutura, particións interiores e as follas exteriores de fachada.

O estudo presenta as seguintes conclusións:

“- En su estado actual, las instalaciones no ofrecen las necesarias garantías de cara al normal desarrollo de la actividad en condiciones de seguridad de utilización de la instalación.

- El riesgo de desprendimiento y caída de cascotes es elevado, debiéndose adoptar de manera inmediata medidas de carácter preventivo, y las correspondientes medidas correctivas.”

“A fecha de emisión del presente, se ha procedido ya a la adopción de medidas de vallado perimetral del centro, mediante la colocación de vallas separadas al menos 4 m. de las alineaciones de las distintas fachadas, instalándose dos marquesinas cubiertas en las dos zonas de acceso habilitadas en la fachada Norte. Las medidas provisionales adoptadas se consideran suficientes para garantizar la seguridad de utilización de la instalación, en tanto no se inicien los trabajos de subsanación de deficiencias.”

Por outra parte propón adoptar con carácter inmediato as seguintes medidas:

“- El desmantelamiento y sustitución integral de la cubierta existente, incluyendo su estructura portante.

- Realización de demolición controlada de los paños de revestimiento de fachada (mortero monocapa) que evidencien un desprendimiento del soporte, procediendo a su reposición con un sistema de revestimiento análogo al existente.

- Ejecución de reparaciones estructurales en los dinteles o elementos de hormigón armado que manifiesten desperfectos y que puedan derivar en una potencial caída de cascotes (se incluye en el Anejo II del presente informe un procedimiento de reparación tipo).”

Así mesmo, recomenda a adopción doutras medidas pero sen carácter urgente.

Décimo.- En data 12 de xuño de 2020, a xefa do Servizo de Educación xunto co xefe da área de Servizos Centrais, elaboran unha memoria xustificando a necesidade de contratar, utilizando a tramitación de emerxencia, as obras de substitución de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

cuberta e reparación de fachadas do CEP Celso Emilio Ferreiro por mor do seu mal estado que representa un risco para a seguridade dos seus usuarios.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN

As competencias dos municipios en materia de educación están recollidas no artigo 25.n da LBRL:

“n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.”

No caso dos municipios galegos, a LALGA establece como competencia propia dos mesmos, no artigo 80.ñ:

“ñ) A participación na programación da ensinanza e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.”

As competencias dos municipios en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial está recollida tamén na disposición adicional décimo quinta da LOE.

-II-

A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramítanse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

-III-

DA XUSTIFICACIÓN DA ADOPCIÓN DA TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA NO PRESENTE CONTRATO

O estado da cuberta do CEP Celso Emilio Ferreiro representa un risco para a seguridade dos seus usuarios, que maioritariamente son nenos e nenas de entre 6 e 12 anos. Esta circunstancia pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Na memoria do servizo xestor xustifícase a necesidade de tramitar de emerxencia un contrato de obras para solventar os graves problemas da cuberta e fachadas do centro educativo por supor un grave perigo para a seguridade dos usuarios (apartado 3):

“Tendo en conta o referido réxime competencial, en data 08/04/2025 o Concello de Vigo solicitou á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia en Pontevedra que á maior brevidade posible, e coa fin de garantir a seguridade do centro,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

procedese á substitución completa da cuberta existente. A esta solicitude achegouse o informe relativo ao estado actual da cuberta de 27/03/2025 elaborado polo departamento técnico empresa UTE S-I MANTENIMIENTO COLEGIOS VIGO (antecedente I).

A resposta da Xefatura Territorial, antes citada (antecedente II), de data 29/04/2025, atribúe toda a responsabilidade da situación da cuberta do centro ao Concello: “O informe reflicte de forma exhaustiva e concluínte a falta de mantemento como motivo do actual deterioro da cuberta, así como a necesidade urxente de executar as reparacións e adoptar as medidas que permitan o uso seguro e axeitado do CEP Celso Emilio Ferreiro no exercicio das competencias que lle corresponden ao Concello de Vigo como administración titular das instalacións.” Chama a atención a rotundidade da conclusión deste informe da Xefatura Territorial, sen presentar ningunha documentación técnica das súas obrigas competenciais de inspección estrutural da edificación.

No entanto, o “Estudo de patoloxía en cuberta e fachadas no CEP Celso Emilio Ferreiro” elaborado pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA (antecedente VI), informa de xeito contundente, tras unha detallada análise do inmovible, que o mal estado da cuberta non se debe a unha falta de mantemento, senón que se trata de deficiencias estruturais e de mala execución construtiva, que non son achacables á existencia de vexetación. Así recolle que a cuberta do inmovible presenta múltiples e severos indicios patolóxicos en practicamente todos os seus elementos e indica que procede adoptar con carácter inmediato as seguintes medidas:

- O desmantelamento e substitución integral da cuberta existente, incluíndo a súa estrutura portante;*
- Realización de demolición controlada dos panos de revestimento de fachada (morteiro monocapa) que evidencien un desprendemento do soporte, procedendo a súa reposición cun sistema de revestimento análogo ao existente;*
- Execución de reparacións estruturais nos dinteis ou elementos de formigón armado que manifesten desperfectos e que poidan derivar nunha potencial caída de cascotes*

O Estudo técnico realizado pola referida empresa especializada en consultoría técnica da edificación require levar a cabo con carácter inmediato as medidas que acabamos de referir polo que, aínda que a competencia do cambio da cuberta corresponde á Xunta de Galicia, a vista da resposta desta administración, o Concello coa fin de manter a seguridade das persoas usuarias vese obrigado a intervir neste centro educativo con carácter de emerxencia, xa que o estudo técnico pon de manifesto a existencia de perigos graves, como o posibles deslizamentos dos materiais de cuberta, caídas de cascotes, importante deformación das correas de formigón, comportamento estrutural anómalo dos tabique da cuberta, entre outros.

Tras a primeira visita de inspección a empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA xa informou que o estado patolóxico da cuberta é severo, a nivel de revestimentos de cuberta e a nivel de estrutura portante da mesma. Detectáronse indicios de deslizamentos das placas de fibrocemento augas abaixo. Detectáronse indicios de deslizamentos do material de cubrición (tella cerámica curva) augas abaixo. O material de cubrición non conta con fixacións mecánicas (ganchos) que solidaricen as pezas entre elas e confía a súa estabilidade a xuntas amortecidas. Hay infinidade de pezas soltas, moitas no bordo do aleiro. As correas entre palomeiros manifestan a simple vista frechas inasumibles de cara a un correcto comportamento estrutural. Os tabiques palomeiros manifestan múltiples patoloxías: roturas con desprazamento lateral na base dos tabiques (xeneralizadas moi probablemente polo efecto dos esforzos laterais - vento e a ausencia de elementos rixidizadores no plano transversal), fisuras de acompañamento na deformación do forxado (flexión); rotura de dinteis nos ocos de paso...

Así mesmo, que o estado patolóxico da fachada é severo. Obsérvanse incidencias en canto á resolución de dinteis, algúns puntos foron “reforzados” con novos dinteis metálicos. Moitos elementos presentan fisuración que pode desencadear na caída de cascotes. Os resultados do golpeteo realizado ata o momento sobre o morteiro monocapa evidencian múltiples zonas desprendidas do soporte (con risco evidente de caída de cascotes, durante o ensaio de golpeteo xa se procedeu a retirar algunha zona especialmente comprometida).

Compre ter en conta en todo momento que este inmovible é un colexio de educación primaria polo que a maioría dos usuarios son nenos e nenas entre 6 a 12 anos.

As obras deben necesariamente realizarse durante o período de vacacións escolares, en primeiro lugar porque durante a execución dos traballos de desmonte completo das placas de fibrocemento con amianto non poden acceder ao centro outras persoas que non sexan aquelas que por razón do seu traballo ou función deban operar no lugar (Real decreto 396/2006, de 31 de marzo polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos de risco de exposición ao amianto). Por outra parte, o resto das actuacións de carácter inmediato, tendo en conta a súa envergadura, deben tamén realizarse nesta época estival (xa que a súa execución é incompatible co desenvolvemento da actividade lectiva normal), debendo garantir a volta do alumnado ao colexio no inicio do próximo curso nunhas axeitadas condicións de seguridade.

A Constitución Española no artigo 27 recoñece como un dos dereitos fundamentais o dereito á educación e regula que “Los poderes públicos ayudarán a los centros docentes que reúnan los requisitos que la ley establezca.”

Cómpre pois garantir o dereito á educación do alumnado deste colexio e que o mesmo se desenvolva nunhas condicións idóneas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

A Lei de bases de réxime local dentro das competencias propias dos municipios inclúe a protección civil e a protección da salubridade pública, o que obriga ao concello neste caso a actuar para garantir a protección das persoas.

Neste sentido o Plan de Emerxencia Municipal (PEMU) do Concello de Vigo establece os procedemento de actuación de resposta da administración local fronte a calquera situación de emerxencia que se produza no Concello de Vigo. Contempla que o Concello debe traballar no estudo e prevención de riscos, razón que motivou a contratación do “Estudo das patoloxías da cuberta e fachadas do CEP Celso Emilio Ferreiro.”

O Plan ten como finalidade organizar as funcións básicas de protección civil no Concello de Vigo, en especial, a protección das persoas e bens e o medio ambiente, e como obxectivos identificar e analizar os riscos e determinar as medidas de protección fronte aos riscos detectados. Medidas de protección inicial que xa foron levadas a cabo (antecedentes III, IV e VI) e que agora procede continuar coa adopción das referidas medidas correctivas de carácter inmediato.

Por outra parte, deben terse en conta as obrigas que a lexislación urbanística impón aos propietarios de construcións e edificios. Neste sentido a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, recolle no artigo 135 que “Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións haberán de:

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte a ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.”

-IV-

DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.

4. Se renderá a conta justificativa do libramiento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrátaranse con arranxo á tramitación ordinaria.

Tendo en conta estas premisas, a citada memoria xustificativa dos servizos xestores identifica no seu apartado 4 as características do contrato:

“O obxecto do contrato é a substitución da cuberta e reparación de fachadas para garantir a seguridade dos usuarios no CEP Celso Emilio Ferreiro.

Tendo en conta o “Estudo de patoloxías en cuberta e fachadas no CEP Celso Emilio Ferreiro”, elaborado pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA S.A., as obras a realizar con carácter inmediato que se recollen no presente contrato son:

- 980 m2 de demolición de cuberta de tella
- 980 m2 de demolición de formación de pendentes de tabiques
- 980 m2 de desmonte de cobertura de fibrocemento con amianto
- 120 ml de demolición de canalóns
- 980 m2 de subestrutura metálica de cuberta
- 980 m2 de cubrición de panel nervado
- 120 ml de canalón de aceiro
- 1 pa de reparación de aleiros
- 1 pa de reparación de fachada
- 1 pa a xustificar para imprevistos
- 1 ud de asistencia técnica e control de calidade
- 1 ud de medidas de seguridade e saúde
- 1 ud de coordinación de seguridade e saúde
- 170 ml de varanda perimetral fixa de aluminio para futuros traballos de mantemento
- 1 ud de xestión de residuos

Os devanditos traballos desglósanse no orzamento presentado pola empresa ORECO BALGON, S.A. incorporado ao expediente.

O prezo total é de 577.382,27 euros (477.175,43 € + 100.206,84 € en concepto de IVE).

O gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.632.0045 e bolsa de vinculación, que non dispón de crédito suficiente, polo que será necesaria a tramitación dunha modificación orzamentaria a estes efectos.

O prazo de execución do contrato estimase en tres meses.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

A dirección facultativa da obra será a enxeñeira industrial do Servizo de Vías e Obras, Cristina Tapias Bouso e o enxeñeiro técnico industrial, xefe da Unidade de Mantemento de Viais, Alfonso Berros Pérez.

O responsable do contrato será a dirección facultativa da obra.

Forma de pagamento: Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.

Prazo de garantía: En relación á determinación do prazo de garantía propónse un prazo de garantía de 5 anos, de modo que se poida asegurar o obxecto do prazo da garantía polas obras, de modo máis extenso e acorde a tipoloxía de obra e de uso do construído”.

Como se pode apreciar, no obxecto do contrato so se inclúen as obras que no informe técnico de EMACOSA se definen como urxentes, deixando para un momento posterior o resto, que deberán tramitarse, no seu caso, polo procedemento ordinario.

Determinanse neste informe os elementos esenciais do contrato: o obxecto, o prezo e o prazo de execución. Así como outros datos necesarios para a execución do contrato, tales como a forma de pago, a aplicación orzamentaria á que imputar o gasto, a dirección facultativa, o responsable do contrato e o prazo de garantía.

Xustifícase, así mesmo, a selección do contratista no apartado 3 da memoria:

“Polos motivos de urxencia expostos solicitouse orzamento á empresa ORECO BALGON S.A., xa que é unha empresa radicada no municipio, polo que tanto os medios técnicos como humanos están próximos ao ámbito da actuación, o que facilita a pronta intervención. Trátase dunha empresa con experiencia na realización de obras tanto de rehabilitación como de nova construción de edificacións. Así mesmo, ten experiencia en obras no ámbito educativo da nosa cidade, como poden ser as cubertas de patios escolares”.

-V-

DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 3230.632.0045 e a súa bolsa de vinculación. Indícase na memoria xustificativa que solicitouse un crédito extraordinario para este fin, aclarándose que está en tramitación unha modificación orzamentaria.

-VI-
COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-VII-
ACORDO

En base as anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Adxudicar a empresa construtora ORECO BALGON S.A. (CIF A36614691) o contrato de obras de substitución de cuberta e reparación de fachadas para garantir a seguridade dos usuarios no recinto do CEP Celso Emilio Ferreiro, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), coas seguintes características:

- 1. Obxecto do contrato: as obras de substitución da cuberta e reparación de fachadas para garantir a seguridade dos usuarios do CEP Celso Emilio Ferreiro.*
- 2. Orzamento base de licitación: 577.382,27 euros*
- 3. IVE a soportar pola Administración: 100.206,84 €*
- 4. Valor estimado do contrato: 477.175,43 €*
- 5. Aplicación orzamentaria: 3230.632.0045*
- 6. Prazo de execución: tres meses. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do presente acordo*
- 7. Dirección facultativa: a enxeñeira industrial do Servizo de Vías e Obras, Cristina Tapias Bouso e o enxeñeiro técnico industrial, xefe da Unidade de Mantemento de Vías, Alfonso Berros Pérez*
- 8. Responsable do contrato: a dirección facultativa da obra*
- 9. Forma de pagamento: certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra*
- 10. Prazo de garantía: 5 anos*

Segundo.- Tramitar unha modificación orzamentaria para dotar de crédito suficiente á aplicación orzamentaria 3230.632.0045 para facer fronte aos gastos derivados deste contrato.

Terceiro.- Executadas as actuacións obxecto deste contrato, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1914/1102

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao contratista.

Quinto.- Dar traslado á Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia do presente acordo, xunto co “Estudo de patoloxía en cuberta e fachadas no C.E.P. Celso Emilio Ferreiro” elaborado en data 09/06/2025 pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA S.A.”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(436).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e e dez minutos. Como secretaria dou fe.

/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez